- Comparte a Xunta de Galiza a necesidade de desbotar a creación dun vertedoiro de residuos industriais nas antigas canteiras da Barquiña, parroquia de Santa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina de Fecha (Santiago de Compostela), ou calquera outro proxecto que camuflado como operación de restauración ambiental, agoche a intención de utilizar este espazo como lugar de vertido de residuos de procedencia industrial?

- Considera de interese o goberno galego a elaboración dun estudo sobre o patrimonio cultural e natural da contorna do espazo das antigas canteiras da Barquiña, con especial atención as pozas artificiais naturalizadas, con vistas á súa inclusión no Inventario e Rexistro de humidais de Galiza?

- Que medidas prevé desenvolver a Xunta para poñer freo ás operacións especulativas para a creación de vertedoiros de residuos industriais na contorna de Santiago de Compostela?

- Ten previsto o goberno galego desenvolver as modificacións legislativas necesarias para evitar que antigas explotacións mineiras de zonas rurais se convertan en vertedoiros de residuos industriais?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 10/02/2023 10:27:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 10/02/2023 10:27:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. As Brañas do Deo son un conxunto de humidais (principalmente breixeiras e turbeiras) situados na conca do Deo (afluente do Mandeo). Constitúen un espazo de grande valor ambiental, social e paisaxístico que se distribúe ao longo dos concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Curtis.

As brañas do río Deo conforman, segundo diferentes estudos e informes, un dos sistemas higróturbófilos máis senlleiros de Galiza, situados nunha ampla penichaira na que se desenvolve un extenso mosaico de ecosistemas turbófilos (7110*, 7140, 7150), matogueiras húmidas (4020*), breixeiras secas (4030) con zonas de afloramentos rochosos (8230), que conforman un complexo de hábitats de elevado interese ambiental, ocupados por diversas especies ameazadas como a Rana temporaria e Sphagnum pylaesii. Os citados sistemas de turbeiras tamén se atopan en contacto con bosques húmidos de amieiros e freixos considerados prioritarios (91EO*), así como herbais higrófilos (6410, 6430, 6510).

Asemade, a rede fluvial formada polos ríos Deo e Mandeo conforma un corredor ecolóxico con representación do hábitat prioritario Bosques aluviais de amieiros e freixos (Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior 91EO*), e ten un alto interese para a conservación de dúas especies en perigo de extinción, o curso do Deo no linde entre Aranga e Curtis para o fento acuático e o curso do Mandeo desde Montouto para o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mexillón de río. Por este motivo foron incluídos no Plan hidrolóxico de Galicia Costa como “treitos de interese de especies ameazadas”.

2. No ano 2008 primeiro e logo no 2011, a Xunta de Galiza promoveu senllas propostas de inclusión das Brañas do Deo na Rede Natura, co obxecto de protexer baixo esta figura aproximadamente 3.400 hectáreas nas que existen as citadas especies e hábitats prioritarios, consonte o artigo 1 da Directiva Hábitat da UE.

Conforme as citadas propostas de inclusión na Rede Natura, o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Aranga, aprobado definitivamente en 2013, clasificou como solo rústico de protección de espazos naturais diversos ámbitos que suman 1.328 hectáreas nas zonas de Vilarraso, Fervenzas e Aranga.

3. A falta de instrumentos de protección de maior rango ou o desleixo das administracións municipal e autonómica, permitiu ao longo dos últimos anos importantes alteracións e procesos de degradación fundamentalmente debidos a rozas mecánicas e plantacións forestais. Os propios informes da administración autonómica advertían en 2016 sobre “A actividade forestal, fundamentalmente a plantación de eucaliptos, provocou unha forte degradación e regresión de boa parte dos hábitats de interese, nomeadamente a causa da realización de intensas rozas mecanizadas e plantacións forestais acompañadas nalgúns casos da drenaxe dos terreos”. E o estudo sobre Conservación e xestión de humidais elaborado polo IBADER en 2017 tamén advertía sobre a destrución destes hábitats facendo referencia ás consecuencias da intensificación agroforestal en paraxes como San Lourenzo de Vilarraso.

A este respecto, dáse o paradoxo de que no ano 2018 a Xunta promoveu a elaboración da Estratexia da Infraestrutura Verde da área da Coruña, documento no que se advertía de novo dos procesos de degradación das Brañas do Deo e se propoñía a protección deste espazo.

4. Actualmente, unha grande parte dos hábitats de interese comunitario e prioritario das Brañas do Deo vense ameazados por grandes proxectos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

industrialización, coa tramitación de megaprojectos enerxéticos (macroparques eólicos) e de plantacións forestais de eucalipto. Estamos diante dun intento de acometer un auténtico atentado ambiental, un ecocidio, debido á importancia estratéxica dos humidais do Deo para a preservación da diversidade biolóxica (pola existencia de hábitats de interese comunitario e de interese prioritario, así como de especies en perigo de extinción), para a prevención do cambio climático (pola función determinante que cumpren as brañas na captura de CO₂), e para a regulación do ciclo hidrolóxico e a prevención de asolagamentos. Existen neste sentido estudos que alertan dun acurtamento dos ciclos de asolagamentos na conca do Mandeo debido á degradación e regresión dos ecosistemas higróturbófilos.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Ten coñecemento a Xunta de Galiza do proceso de degradación e destrución de hábitats de interese comunitario e prioritario das Brañas do Deo?

- Por que razón a Xunta paralizou a inclusión das Brañas do Deo desobedecendo as peticións da Comisión Europea e as obrigas da normativa comunitaria para a protección de hábitats e especies de interese comunitario como as que forman parte das Brañas do Deo?

-Que medidas adoptou a Xunta para impedir esta perda irreparable de ecosistemas esenciais para a diversidade biolóxica, para a prevención do cambio climático e para a regulación do ciclo hidrolóxico?

-Ten previsto o goberno galego reactivar a protección das Brañas do Deo mediante a inclusión na Rede Natura ou mediante outra figura de protección?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para evitar a afección de grandes infraestruturas enerxéticas, proxectos de parques eólicos e plantacións forestais ás Brañas do Deo e ás Terras do Mandeo?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/02/2023 10:30:40

Mercedes Queixas Zas na data 10/02/2023 10:30:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o baleirado de encoros e competencias hidráulicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados meses de xuño, xullo e agosto produciuse un escandaloso baleirado de encoros na bacía hidrográfica Miño-Sil, de competencia estatal. Foron promovidos polas empresas Naturgy e Iberdrola con intención de aproveitar o contexto de suba abusiva do prezo da luz para obter beneficios millonarios. Cómpre ter en conta que na última década das empresas obtiveron ingresos de máis de 4.000 millóns de euros da explotación dos encoros galegos.

Esta actuación especulativa, abusiva e agresiva para o medio natural levouse a cabo coa complicidade e coa pasividade tanto da Confederación Hidrográfica Miño Sil como da Xunta de Galiza, que malia coñecer as intencións das eléctricas desde comezos do mes de xuño non fixeron nada para evitar o baleirado. No caso da Xunta de Galiza, produciuse unha reacción tardía e sobreactuada, a finais de agosto, pola presión social e mediática e no medio dunha escandalosa escalada dos prezos da electricidade.

Malia contar con algunhas competencias en materia de pesca fluvial e patrimonio natural que lle permitirían actuar desde que se recibiron as primeiras comunicacións da empresa Iberdrola, o 10 de xuño e o 12 de xullo, a Xunta non tomou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ningunha medida para evitar o baleirado dos encoros. Só o fixo a posteriori, cando o mal xa estaba feito, pola alarma social creada e a grande repercusión dos feitos nos medios de comunicación.

Por outra parte, dáse a circunstancia de que a maioría do PP promoveu no ano 2020 a aprobación dunha nova lei de pesca continental (a lei 2/2021), que entrou en vigor a comezos de 2021, na que se rebaixa a contía das sancións relacionadas coa “alteración de modo apreciable do nivel das augas ou do caudal dun río, cando poidan derivar danos para as especies piscícolas”. Este tipo de infraccións, que no regulamento de ordenación da pesca fluvial de 1997 fora tipificada como moi grave (con sancións máximas de 300.000 euros), pasou a ser cualificada como grave, (con sanción máxima de 25.000 euros). De todo isto dérvase que ás grandes empresas eléctricas, que tiveron beneficios milmillonarios en 2020, resúltalles moi barato infrinxir a lei.

Aos feitos anteriores hai que engadir as dificultades e limitacións do actual marco competencial, xa que Galiza non ten as competencias plenas sobre todas as bacías hidrográficas do seu territorio, o que dificulta gravemente a ordenación, planificación, xestión, control e aproveitamento dos seus recursos hidrográficos e enerxéticos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Cando tivo coñecemento o goberno galego da intención das empresas de baleirar os encoros da conca Miño-Sil?

. Por que razón a Xunta non actuou de maneira inmediata para advertir ás empresas e á Confederación Hidrográfica sobre as consecuencias desas pretensións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Abriuse algún expediente informativo interno para depurar responsabilidades pola non actuación do persoal da consellaría?

. Cantos expedientes se abriron a empresas concesionarias de encoros na última década por alteración do nivel das augas ou do caudal de ríos, e cal foi a contía total das sancións?

. Cal foi a razón da rebaixa da categoría das infraccións e sancións pola alteración do nivel das augas ou do caudal do río, introducida na lei 2/2021 de pesca continental de Galiza e que medidas prevé adoptar o goberno galego para incrementar a contía das sancións?

. Prevé o goberno galego demandar a transferencia das competencias sobre bacías hidrográficas?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 10/02/2023 10:35:01

Noa Presas Bergantiños na data 10/02/2023 10:35:18

Alexandra Fernández Gómez na data 10/02/2023 10:35:26

Paulo Ríos Santomé na data 10/02/2023 10:35:34





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a intervención pública no futuro dos terreos portuarios da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Porto da Coruña ten unha débeda de 330 millóns de Euros contraída para financiar a construción do Porto Exterior de Punta Langosteira, dos cales 200 millóns corresponden a un préstamo concedido ao Porto da Coruña por Portos do Estado e o resto, a un empréstito do Banco Europeo de Investimentos.

Esta débeda e as condicións de pagamento establecidas representan unha grave hipoteca para o futuro do Porto e da propia cidade da Coruña.

Dunha banda, as condicións de pagamento do préstamo concedido por Portos do Estado son totalmente abusivas, pois inda que o montante total da débeda segue sendo de 200 millóns, só en intereses o porto xa leva pagados 39, 5 millóns. Unha lousa que ademais repercute no importe das taxas portuarias, restando competitividade ao noso porto respecto doutros portos de interese xeral.

Ademais, en virtude do establecido no Convenio de 2004 entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galiza e Concello da Coruña, preténdese facer fronte ao pago desta débeda coa venda de activos do propio porto nos terreos que fiquen liberados de actividades portuarias no porto interior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fronte a esta situación, os Orzamentos Xerais do Estado actualmente en vigor inclúen unha disposición adicional na que a Administración Xeral do Estado condona unha débeda de aprox. 400 millóns de euros do Porto de Valencia, froito da súa adecuación para albergar a Copa América de Vela.

É inaudito que, mentres o Estado asume unha débeda xerada por unha actuación que nada ten a ver coas actividades produtivas, se pretenda hipotecar o futuro da fachada litoral da Coruña pola débeda xerada pola construción dunha infraestrutura produtiva como é Porto Exterior.

Cómpre lembrar que a construción do porto exterior de Punta Langosteira foi unha decisión de Estado, anunciada polo Goberno Aznar como unha compensación a Galiza polo desastre do Prestige. Por esa razón os custos da súa construción non poden representar unha hipoteca para o futuro da cidade. Se os terreos sobre os que se asenta o porto interior foron gañados ao mar para o desenvolvemento de actividades portuarias, o razoábel é que os espazos que resulten desafectados desas actividades sexan devoltos á cidade.

Por estas razóns o Parlamento Galego e o Concello da Coruña pronunciáronse por unanimidade en distintas ocasións esixindo a condonación da débeda do Porto da Coruña con Portos do Estado ou a asignación, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, dunha cantidade equivalente, co obxecto de acometer a transformación da fachada marítima da Coruña (en colaboración co Concello e outras administracións) asegurando o mantemento da titularidade e usos públicos dos terreos.

Porén, pese a estes pronunciamentos unánimes, tanto a Xunta de Galiza como o Concello da Coruña parecen asumir o criterio de que se debe pagar por uns terreos que xa son públicos e levan semanas negociando a cantidade de diñeiro que debe achegar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cada administración por facerse coa titularidade dos peiraos de Calvo Sotelo e Batería e proceder á súa urbanización, comprometéndose, ademais, a asignar unha cantidade que supera claramente o prezo de taxación destes terreos.

Os convenios de 2004 non poden determinar o deseño da nova fachada marítima da cidade, que marcará un punto de inflexión no trazado do seu desenvolvemento ad futurum, polo que tanto a Xunta de Galiza como o Concello da Coruña deberían estar xa a constituír unha fronte común para pedir a condonación da débeda do porto da Coruña.

Porque se o Goberno do Estado condonou a débeda do porto de Valéncia, non hai ningunha razón para non facer o propio coa da Coruña.

O futuro do porto da Coruña transcende o ámbito local para se converter nun asunto prioritario de país, polo que cómpre esixir un trato xusto e actuar con firme vontade política fronte a unha nova discriminación con Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª :

Que actuacións compromete a Xunta de Galiza para asegurar un proxecto de futuro para os terreos portuarios da Coruña que non supoña unha carga económica para a cidadanía e impida un trato discriminatorio?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2023





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/02/2023 10:41:58

Mercedes Queixas Zas na data 10/02/2023 10:42:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** sobre a anulación das prórrogas da AP9.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de setembro a Comisión Europea enviou ao goberno de España unha carta de emprazamento para salvagardar a normativa comunitaria en materia de contratación pública e contratos de concesión. Esta comunicación vén motivada polo incumprimento por parte do goberno central da normativa que obriga a adjudicar a ampliacións das concesións mediante unha nova licitación.

No caso da AP9, o goberno ampliou o contrato de concesión de maneira irregular, sen iniciar un procedemento de licitación pública. Neste sentido, a Comisión considera que non se cumpriu a normativa de contratación pública vixente naquela altura, en particular a Directiva 93/37/CEE.

O goberno central dispón de 2 meses para responder a carta de emprazamento da Comisión, que entendemos que debería ser no sentido de velar polo cumprimento da legalidade e en consecuencia iniciar os trámites para a anulación da concesión.

Máis alá da observancia da legalidade, existen outros motivos que xustifican esta decisión, entre eles os cuantiosos beneficios obtidos pola concesionaria e a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comparación con outras autoestradas da mesma época da AP9 que pasaron ou van pasar á xestión pública directa por parte do Estado polo remate do período concesional.

Por outra parte, ademais do requirimento da Comisión Europea, no pasado e no presente ano emitíronse senllos informes por parte do Consello Consultivo de Galicia e por parte da Comisión Galega de Competencia que ratifican esta mesma interpretación, poñendo de relevo a nulidade dos convenios de 2011 e 2018 por incumprir a lei de contratos do sector público e ademais por amparar subidas abusivas das peaxes e un beneficio fiscal encuberto.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

- . Que valoración fai o goberno galego sobre a carta de emprazamento da Comisión Europea en relación coas prórrogas da AP 9?
- . Que xestións fixo a Xunta diante do goberno central en relación con este procedemento?
- . Considera a Xunta que de deberían iniciar os trámites para a anulación das prórrogas concedidas de maneira irregular?
- . Considera o goberno galego que se deberían revisar e no seu caso anular os convenios asinados polo Ministerio de Fomento e a concesionaria da autoestrada en 2011 e 1018?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres
Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/02/2023 10:44:31

Paulo Ríos Santomé na data 10/02/2023 10:44:40

Alexandra Fernández Gómez na data 10/02/2023 10:44:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** relativa ás verteduras nucleares na Foxa Atlántica e á previsión da UE de verificación, no primeiro semestre de 2021, do seguimento da radioactividade do medio mariño en augas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Na Foxa Atlántica están depositadas 140.000 toneladas de residuos nucleares, que foron depositados neste emprazamento entre 1949 e 1982 nun total 220.000 bidóns. Pese a que segundo ten recoñecido a Comisión son os Estados Membros os responsábeis de controlar a radioactividade das súas augas, o Estado español non ten abordado especificamente ningún plan de control da radioactividade nesta zona aducindo que eses depósitos están fóra das súas augas.

Neste ano 2020 cumpríronse 38 anos do fin das verteduras de refugallos de orixe nuclear na chamada Foxa Atlántica, froito da mobilización social e que foron realizados tamén preto do territorio galego por parte de países como Gran Bretaña, Francia, Bélxica e Holanda. Porén, a día de hoxe existen dúbidas entre os organismos europeos e estatais sobre a quen corresponde a súa vixilancia. Desde o Bloque Nacionalista Galego observamos este asunto con preocupación. Máis unha vez, a falta de vontade do Partido Popular de exercer de goberno galego sumado á falta de soberanía para actuar sobre cuestións de importancia transcendental para a saúde do noso medio e das nosas persoas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. No ano 2012 o Congreso rexeitou, cos votos do PP, unha petición do Bloque Nacionalista Galego para demandar unha inspección dos residuos radioactivos así como información á administración galega.

No ano 2018 o Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA) confirmaba ao xornal dixital galego Praza Pública que non é competencia súa vixiar o estado dos refugallos. Así mesmo a Organización Marítima Internacional tampouco esclarece a cuestión. Na mesma liña, a OSPAR non esclarece información que poida darnos tranquilidade sobre a vixilancia e estudo deste tipo de residuos. Unha situación a todas luces grave e que debe preocupar ás administracións xa que, loxicamente, estes refugallos seguen depositados no fondo mariño e polo tanto son un factor de risco.

En marzo de 2018 o Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade unha proposición non de lei na que se pedía que a Xunta se dirixise ao goberno de España para que fixese as xestións pertinentes diante da UE e dos países responsábeis das verteduras:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que faga as xestións pertinentes ante as institucións europeas e os países responsables das verteduras, que permitan asegurar a vixilancia das verteduras nucleares na Foxa Atlántica así como obter información que garanta que non están tendo impacto no medio ambiente, e a realizar todas as xestións políticas ao seu alcance para acadar estes obxectivos”

3. Segundo explica a Comisión Europea en resposta a unha pregunta formulada pola portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, a través da coalición Agora Repúblicas, no primeiro semestre de 2021 a Comisión Europea desenvolverá a verificación do seguimento da radioactividade do medio mariño en augas galegas. Inicialmente, a misión de verificación estaba prevista para o 2020, mais a actual





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situación de pandemia provocou que a Comisión aprazase a verificación até o primeiro semestre de 2021.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Ten coñecemento oficial o goberno galego sobre a previsión da UE de desenvolver a verificación, no primeiro semestre de 2021, do seguimento da radioactividade do medio mariño en augas galegas?

- Que xestións fixo o goberno galego a este respecto?

- Que xestións fixo a Xunta de Galiza para dar cumprimento ao acordo do Parlamento de 2018 sobre a vixilancia das verteduras nucleares da Foxa Atlántica?

- Coñece o goberno galego cales son os estudos máis recentes sobre a situación destas verteduras?

- Ten garantías a Xunta de Galiza de que non supoñen ningún tipo de risco ou afectación para o medio mariño?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 10/02/2023 10:46:42

Paulo Ríos Santomé na data 10/02/2023 10:46:47

Xosé Luis Bará Torres na data 10/02/2023 10:46:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonso, Daniel Castro García, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á liña de ferrocarril Ferrol-Ribadeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Desde a finalización do estado de alarma, Renfe decidiu reducir os servizos do tren de cercanías Ferrol-Ortigueira e na liña Ferrol-Ribadeo-Ferrol nun 75% . Ademais, a compañía non estableceu unha data de recuperación dos servizos supeditando esta a un suposto aumento da demanda.

Co inicio do curso lectivo na Universidade, en secundaria e FP nos meses de setembro e outubro faise imprescindible contar cos servizos de tren que existían antes do estado de alarma, xa que tanto as actividades laborais como educativas precisan da mobilidade diaria das persoas. A este respecto hai que ter en conta que ao longo do percorrido desta liña de tren, concretamente entre Ortigueira e Ferrol, non existen servizos de transporte público por estrada.

2. A liña de Ancho Métrico Ferrol Ribadeo, antiga FEVE, vén sufrindo un continuo deterioro da infraestrutura, no material rodante e nos servizos, un deterioro que se manifestou ao longo da última década na supresión de frecuencias, na suspensión de servizos por deficiencias do material rodante ou falta de persoal, e en frecuentes accidentes que poñen de relevo o mal estado da liña. Para facer fronte a este deterioro e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

degradación do servizo, creouse a Plataforma pola Defensa do Ferrocarril Ferrol Ribadeo da que forman parte entidades sociais e concellos polos que pasa o trazado da vía férrea.

Como resultado das demandas e dos estudos realizados pola plataforma, no ano 2019 puxéronse en marcha algunhas melloras nas frecuencias da liña, especialmente nas cercanías Ferrol-Ortigueira. Unhas melloras que non só se viron eliminadas coa escusa da pandemia, senón que se agravou a situación coa supresión da maior parte dos servizos. Aínda que RENFE xustifica a eliminación pola baixada da demanda, a realidade é que este descenso está provocado pola mala calidade do servizo e a redución de frecuencias.

3. Os gobernos estatal e galego deben facer unha aposta decidida polo tren como medio de mobilidade sustentábel do século XXI, un medio que debe ser seguro, eficiente, cómodo e accesíbel, tanto para a mobilidade das persoas como para o transporte de mercadorías. E unha das liñas que precisa desta aposta decidida e deste compromiso é a que une Ferrol con Ribadeo, na que é necesario que tanto RENFE como ADIF acometan obras de mellora das infraestruturas da liña, eliminando as zonas de limitación temporais de velocidade, mantendo os puntos de cruce existente e proxectando outros novos, mellorando os apeadeiros e creando outros novos en zonas de interese turístico, e procedendo a limpar a vexetación do perímetro da vía.

Por outra parte, cómpre que se mellore o material rodante e que se dote con novos vehículos para evitar cancelacións do servizo, e que se dote a liña do persoal necesario, nas estacións e nos convois, para información, acceso, venda de billetes e control das persoas usuarias do tren. Asemade, cómpre dotar de persoal de conducción suficiente, para evitar supresións do servizo por este motivo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outro aspecto a ter en conta é a potenciación do transporte de mercadorías, claramente infrutilizado polo desinterese de RENFE e que pode ser unha alternativa sustentábel ao transporte por estrada. Neste ámbito cómpre ter en conta que esta liña férrea conecta a maior parte dos portos do Cantábrico, e que sen un grande investimento poderían construírse novas zonas de carga ao longo do percorrido, así como vías de carga na confluencia da liña coa factoría de Alcoa.

Por último, para o BNG é imprescindible que o goberno galego demande a transferencia a Galiza do tren convencional e dos servizos de cercanías e media distancia, creando a tal efecto o Ente Ferroviario Galego ou GALTRÉN, como organismo encargado da xestión dos citados servizos ferroviarios.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación da liña ferroviaria de Ancho Métrico Ferrol Ribadeo, en canto ao estado da infraestrutura, calidade do servizo e dotación de medios humanos e materiais?

- Que xestións realizou a Xunta de Galiza diante do goberno do Estado, nos últimos 8 anos, para demandar a mellora da citada liña e cales foron os resultados destas xestións?

- Que investimentos se produciron nestes anos como consecuencia das xestións da Xunta de Galiza?

- Como valora a Xunta de Galiza a supresión de servizos de tren no noso país coa escusa da pandemia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que xestións realizou a Xunta de Galiza diante do goberno do Estado para demandar a reposición dos trens suprimidos?

- Defende o goberno galego a necesidade de transferencia a Galiza da xestión dos trens de media distancia e de cercanías, así como a proposta de creación do Ente Ferroviario Galego para levar a cabo a xestión deste servizo?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Castro García

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/02/2023 10:51:15

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/02/2023 10:51:31

Daniel Castro García na data 10/02/2023 10:51:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 10/02/2023 10:51:49

Alexandra Fernández Gómez na data 10/02/2023 10:51:57





A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Rey Varela, Daniel Vega Pérez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A rede ferroviaria de ancho métrico –a antiga Feve, ferrocarrís españois de vía estreita– vén sufrindo un progresivo deterioro nos últimos anos ante unha evidente falta de compromiso e de interese do Ministerio de Transportes por este servizo público.

En Galicia os trens de vía estreita operan exclusivamente na liña entre Ribadeo e Ferrol, no norte das provincias de Lugo e da Coruña, que continúa polo norte das comunidades cantábricas unindo Galicia con Asturias, Cantabria, País Vasco e Castela e León. Na nosa comunidade dáse ademais un condicionante negativo, pois a liña non está electrificada.

Dun tempo a esta parte multiplicáronse as queixas polas deficiencias que acontecen na liña operada pola antiga Feve. Xa non só proceden dos pasaxeiros deste servizo ferroviario, e dos representantes municipais dos concellos que percorre, senón tamén dos propios traballadores que denuncian recortes tanto en materia de persoal como nas tarefas de mantemento e modernización da rede.

Así por exemplo, aínda non se recuperaron os horarios e frecuencias que o Ministerio de Transportes recortou durante a pandemia, son habituais as avarías na flota de trens e os retrasos nas liñas operadas e non existe unha planificación de reforzo nas épocas de maior demanda, como poden ser o verán ou os festivos, provocando incomodidades por falta de espazo. Sen esquecer a decisión política de eliminar os servizos de transporte de mercadorías, como o que operaba para Alcoa.

A todo isto hai que engadir hoxe a información que coñecíamos recentemente relacionada co incumprimento dos compromisos de renovación da frota de ancho métrico que implicará un retraso de entre dous e tres anos na incorporación dos novos trens respecto das datas inicialmente comprometidas. Un incomprendible erro nos gálibos da infraestrutura ten como resultado que os novos trens non caberían en determinados treitos e polos túneles.





Renfe publicou en xaneiro de 2019 un prego para a adquisición de 31 trens de ancho métrico de conformidade coa información sobre a rede ofrecida polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (Adif) e en xuño de 2020, adxudicou a CAF a súa fabricación, xa cun notable retraso acumulado pola pandemia. O volume total da operación superaba os 250 millóns de euros e a entrega dos trens estaba prevista para este ano.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que opinión lle merece á Xunta de Galicia esta nova incidencia nos compromisos adquiridos polo Goberno de España para a modernización e renovación da frota da rede ferroviaria de ancho métrico (antiga Feve) que opera en Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 10/02/2023 10:36:28

José Manuel Rey Varela na data 10/02/2023 10:36:43

Daniel Vega Pérez na data 10/02/2023 10:36:58

Carmen María Pomar Tojo na data 10/02/2023 10:37:17

Ramón Carballo Páez na data 10/02/2023 10:37:33

María Belén Salido Maroño na data 10/02/2023 10:37:50

María Sol Díaz Mouteira na data 10/02/2023 10:37:58

Rubén Lorenzo Gómez na data 10/02/2023 10:38:12

Freire Vázquez, María Begoña na data 10/02/2023 10:38:24



Á Mesa do Parlamento

Marisol Díaz Mouteira, Daniel Vega Pérez, José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda levou a cabo nos anos 2021 e 2022 un censo do lobo ibérico en Galicia, no que se revisaron exhaustivamente as 139 áreas de manadas potenciais identificadas para esta especie nesta Comunidade autónoma.

Os datos, recen publicados, indican que a nivel galego localízanse 93 mandas de lobo, tres máis das contabilizadas no censo 2013-2015, confirmándose a súa presenza xeneralizada nunha superficie de 26.098 quilómetros cadrados (o que equivale ao 91% do territorio galego), e que supón o mantemento en condicións estables das poboacións desta especie na nosa Comunidade autónoma.

Esta realidade contradí a decisión tomada polo Goberno central, que incluí en setembro de 2021 a esta especie na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESRPE), que impide na práctica calquera medida de control ou acción cinexética sobre a especie.

Con todo, os ataques do lobo seguen rexistrándose en Galicia, poñendo en perigo a actividade gandeira en distintos puntos da comunidade. Especialmente, entre outras





zonas, no norte da provincia de Lugo. Por exemplo, no concello de Barreiros, onde nos últimos meses se recibiron 8 avisos por ataques, con 17 reses afectadas.

Polo que, agora, en pleno período preelectoral, empezan a escoitarse as primeiras queixas de alcaldes que, sendo de partidos políticos que están a favor de elevar a protección desta especie, reclaman agora medidas, presionados pola realidade que viven día a día os seus veciños e veciñas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Téñense recibido na Consellería de Medio Ambiente queixas de concellos nas que se reclaman a toma de medidas fronte aos ataques do lobo?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 10/02/2023 10:41:43

Daniel Vega Pérez na data 10/02/2023 10:41:59

José Manuel Balseiro Orol na data 10/02/2023 10:42:14

Carmen María Pomar Tojo na data 10/02/2023 10:42:26

Ramón Carballo Páez na data 10/02/2023 10:42:41

María Belén Salido Maroño na data 10/02/2023 10:42:54

Rubén Lorenzo Gómez na data 10/02/2023 10:43:03

Freire Vázquez, María Begoña na data 10/02/2023 10:43:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Entre as obrigas que a lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia establece no seu Artigo 10 que será competencia da Xunta de Galicia, entre outras, o exercicio da potestade de vixilancia e inspección e da sancionadora no ámbito das súas competencias, así como calquera outra competencia en materia de residuos que non fose expresamente atribuída á Administración estatal ou ás entidades locais. Este mesmo réxime competencial reproducése na posterior Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para una economía circular publicada en abril do ano 2022.

Como xa dixemos moitas veces desde o grupo parlamentario popular, esta Lei básica Estatal, aínda que traspón as Directivas comunitarias en materia de residuos, tamén foi máis alá, sen importar se a lei vaise poder aplicar ou non e mesmo indo contra os intereses económicos dos concellos, coa imposición dunha fiscalidade que non existe en Europa.

Sen embargo, tamén nesta lei tamén se inclúe no artigo 25, sobre recollida separada de residuos para a súa valorización, unha sorte de “excepción” para algún sistemas que teñen sido apoiados e defendidos pola esquerda, como son os modelos de



recollida húmido-seco, que só existen en cinco lugares en España dos que dous están en Galicia.

Nesa “excepción”, recollida no punto 6, correspóndelle ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico levar a cabo esa excepción de recoller por separado os residuos, sempre que se cumpra, ao menos, unha das seguintes condicións:

- a) A recollida conxunta de determinados tipos de residuos non afecta á súa aptitude para que sexan obxecto de preparación para a reutilización, de reciclaxe ou doutras operacións de valorización de conformidade co artigo 8, e produce, tras as devanditas operacións, un resultado dunha calidade comparable e cantidade equivalente á alcanzada mediante a recollida separada.
- b) A recollida separada non proporciona o mellor resultado ambiental se se ten en consideración o impacto ambiental global da xestión dos fluxos de residuos de que se trate.
- c) A recollida separada non é tecnicamente viable tendo en consideración as boas prácticas na recollida de residuos.
- d) A recollida separada implicaría uns custos económicos desproporcionados tendo en conta o custo dos impactos adversos sobre o medio ambiente e a saúde derivados da recollida e do tratamento de residuos mesturados, a capacidade para mellorar a eficiencia na recollida e o tratamento de residuos, os ingresos procedentes das vendas de materias primas secundarias, a aplicación do principio «quen contamina paga» e a responsabilidade ampliada do produtor.





Unha excepción que entra en marcada contradición coa nota interpretativa emitida pola Subdirección Xeral de Economía Circular do Ministerio, apenas uns meses antes, en xullo de 2021. E cuxa conclusión era que o modelo húmido-seco non cumpriría con todos os requisitos establecidos na directiva marco de residuos no que respecta á recollida separada de plásticos e metais e tampouco coa obriga de recoller de forma separada os residuos de envases. E, polo tanto, non cumpriría cos obxectivos e medidas na xestión dos residuos e cos requisitos da nova lei estatal, non procedendo por tanto aplicar ningunha excepción á obrigatoriedade de recollida separada.

Esta nota foi enviada ás CCAA e, no caso de Galicia, trasladada aos dous centros que en Galicia están a seguir este modelo.

Esta contradición non é outra cosa que querer dilatar a decisión e facer perder un tempo precioso a estes sistemas que teñen que estar a cumprir a Directiva no ano 2024.

Desde a oposición acusouse sempre á Xunta de non apoiar estes sistemas e de querer que o modelo SOGAMA se estendera a toda Galicia deixando atrás un modelo de éxito.

Recentemente, temos visto moitas noticias na prensa acerca dos movementos que o Concello de A Coruña está a facer de cara a abandonar definitivamente este sistema e que a alcaldesa escuda en que a Xunta está a obrigarlles e nos lle deixan outra saída.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:



Cal é o estado de recoñecemento da excepcionalidade por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico dos sistemas húmido-seco da comarca das Mariñas Coruñesas e do Barbanza?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 10/02/2023 10:46:13

José Manuel Balseiro Orol na data 10/02/2023 10:46:27

Carmen María Pomar Tojo na data 10/02/2023 10:46:39

Ramón Carballo Páez na data 10/02/2023 10:46:53

María Belén Salido Maroño na data 10/02/2023 10:47:06

Rubén Lorenzo Gómez na data 10/02/2023 10:47:14

Freire Vázquez, María Begoña na data 10/02/2023 10:47:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonzo, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a situación do río Eume.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recente episodio de turbidez e contaminación do río Eume, que entre outras consecuencias provocou a interrupción do subministro de auga a Pontedeume, é tan só a punta do iceberg dun grave problema ambiental que sofre este río e a súa bacía debido principalmente á contaminación provocada pola actividade de ENDESA, unha situación que se foi agravando ao longo dos anos coa pasividade cando non convivencia da Xunta de Galiza.

Esta situación evidencia problemas en todo o sistema, que se notan especialmente en atención primaria en nas urxencias hospitalarias: 1) nos centros de saúde e PAC, con obvias dificultades e complicacións para que os centros estén totalmente cubertos na medida que necesitan; 2) nos servizos de urxencias hospitalarias, que sofren a saturación provocada polo funcionamento ineficiente dos centros de saúde e PAC. Tamén existen problemas nos hospitais comarcais que perderon capacidade de autoxestión e hoxe ven como perden profesionais ou na dotación de ambulancias para cubrir todo o territorio, alimentando a existencia dun sistema sanitario de diferentes velocidades en función de onde vivan os cidadáns.

Este escenario ten levado a un incremento evidente do malestar da cidadanía e dos propios profesionais. Así os sanitarios do propio sistema público discrepan da xestión do Goberno autonómico no sistema sanitario, o que se ven traducindo en problemas constantes e dimisións constantes como a recente dimisión do presidente do Consello Galego de Colexios Médicos por considerar que a Consellería non tiña interese en resolver a situación nin atender a ningún diálogo.

Dende a cidadanía véñense sucedendo mobilizacións e protestas que percorren o territorio galego, que tanto en termos comarcais como en enormes manifestacións galegas durante os últimos anos, amosan unha contestación crecente e un malestar que dende o goberno de Galicia non se quere escoitar.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Asume o goberno da Xunta de Galicia que necesita reformular o modelo de atención primaria para mellorar o funcionamento do sistema sanitario?
2. Considera o Goberno de Galicia que os profesionais sanitarios do sistema público de saúde de Galicia teñen unhas condicións laborais altamente satisfactorias?
3. Cre o Goberno de Galicia que a conexión efectiva dos servizos de saúde mental coa atención primaria sería unha medida positiva?
4. Ten previsto o Goberno de Galicia incrementar o número de categorías profesionais presentes en atención primaria para ampliar a multidisciplinariedade dos equipos?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro do 2023





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/02/2023 14:39:57

Marina Ortega Otero na data 10/02/2023 14:40:06





Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, María Elena Suárez Sarmiento, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Ninguén pode poñer en dúbida que o principal problema ao que enfronta o sistema público sanitario é o déficit de médicos de familia e especialistas. En consecuencia, as demoras en ámbitos como a atención primaria e hospitalaria, están motivadas polas dificultades de cobertura destas prazas e responden a un contexto xeral de falta de médicos que se dá en toda España. Falamos, polo tanto, dunha problemática común ás diferentes comunidades autónomas, independentemente de quen governe.

O Goberno galego vén demandando ao Ministerio de Sanidade que non faga oídos xordos ante esta problemática global e tome as medidas necesarias para que exista persoal médico dispoñible para contratar, especialmente nas categorías máis deficitarias. De feito, Galicia liderou xunto ao País Vasco o *Manifesto de conselleiros de Sanidade, no que se insta á adoptar medidas estatais urxentes en materia de atención primaria* e ao que se adheriron sete gobernos autonómicos de diversas cores políticas, e que contou co apoio da maioría do Congreso dos Deputados, ata o punto de que constitúe un mandato parlamentario expreso que, a día de hoxe, segue pendente de cumprirse.

Con todo, a Xunta de Galicia non permanece de brazos cruzados e, no ámbito das súas competencias, está a adoptar medidas que buscan contribuír á solución desta problemática: Desde incrementar aínda máis o investimento en sanidade pública (hoxe a Xunta conta co orzamento máis elevado da súa historia neste ámbito); ata iniciativas en materia de xestión do persoal e de promoción e desenvolvemento da carreira profesional; e iniciativas tamén no ámbito lexislativo, na procura de incrementar a oferta de prazas estables de persoal médico e pediatra, con especial atención a aqueles centros de saúde e hospitais comarcais, que presentan maiores dificultades de cobertura de vacantes.

Con todo, a falta de reformas estruturais no sistema por parte do Goberno de España segue a causar que, cada ano, milleiros de graduados en medicina non podan optar a unha praza de formación sanitaria cando o Sistema Nacional de Saúde lles necesita con urxencia.



Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que demandas concretas traslada a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas estatais dirixidas a que exista persoal médico dispoñible para contratar?
2. Que iniciativas concretas impulsou o Goberno galego para contribuír, no ámbito das súas competencias, a solucionar a problemática de déficit de persoal médico?
3. Que resultados concretos acadaron -en cada unha das áreas sanitarias- os procesos de estabilización impulsados pola Xunta en prazas do persoal médico de centros de saúde e hospitais?
4. Que resultados concertos acadou -en cada unha das áreas sanitarias- os concursos impulsados pola Xunta e destinados á provisión de prazas de difícil cobertura que, ata o de agora, quedaban vacantes ano tras ano nos concursos de traslados e nas ofertas públicas de emprego?
5. Que outras iniciativas ten previsto impulsar o Goberno galego co obxecto de incrementar o número de profesionais sanitarios no Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/02/2023 16:18:30

María Elena Suárez Sarmiento na data 10/02/2023 16:18:45

María Corina Porro Martínez na data 10/02/2023 16:19:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 49688
Data envío: 10/02/2023 16:21:17.168

Noelia Pérez López na data 10/02/2023 16:19:22

López Sánchez, Rosalía na data 10/02/2023 16:19:30

José Alberto Pazos Couñago na data 10/02/2023 16:19:47

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 10/02/2023 16:19:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-K4XROAloz-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O artigo 14.2 da LGAEX establece que “Anualmente, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e execución da Egaex elaborará un informe xeral sobre o seu cumprimento, que será elevado pola persoa titular da consellaría da que dependa ao Consello da Xunta, previo informe do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade. Este informe anual deberá ser presentado ao Parlamento”

O artigo 21. 6 da mesma lei establece que “O órgano de dirección da Administración autonómica con competencias en materia de acción exterior presentará no Parlamento un informe anual de seguimento da estratexia, no que se incluíra o detalle da axenda exterior do Goberno, cunha valoración da repercusión das viaxes fora de Galicia. Con este motivo farase unha comparecencia anual no Parlamento”.

A propia Egaex establece no seu parágrafo 485 que “Finalmente, consideramos necesaria unha avaliación anual da Estratexia galega de acción exterior (Egaex), co obxectivo de definir con precisión os logros acadados e aqueles retos e desafíos pendentes para a acción exterior da nosa comunidade autónoma. Neste senso, prevese unha reunión anual do Consello Galego de Acción Exterior (Caex), onde se someterá o cumprimento da Egaex á revisión e votación dos membros do Caex. Así mesmo, o Goberno galego comparecerá no Parlamento unha vez por ano para informar e explicar o grao de cumprimento, obxectivos acadados, as obrigas e os retos de futuro derivados desta estratexia, convencidos de que o deseño básico da acción exterior da nosa comunidade autónoma debe fundamentarse no máis amplo consenso posible, alén da conxuntura política concorrente”.

Resulta claro e meridiano que tanto a propia estratexia como a Lei galega de acción exterior establecen e recoñecen a obriga do Goberno galego de elaborar anualmente, remitir ao Parlamento e comparecer no mesmo para analizar un informe anual de avaliación, que debería establecer, ademais das viaxes ao exterior, e como di a propia Egaex, o grao de cumprimento, obxectivos acadados, as obrigas e os retos de futuro derivados desta estratexia.



A Lei galega de acción exterior establece no seu artigo 4 catorce obxectivos estratéxicos da acción exterior galega. O informe debería, en coherencia, considerar en que mellorou cada un deses obxectivos se é que mellorou e cal foi a contribución da política exterior da Xunta de Galicia.

Sorprendentemente, a pesar da claridade da lei e da estratexia, o Goberno galego non cumpre a obriga de avaliar anualmente a súa acción exterior, limitándose a comparecer no Parlamento sen remitir ningún tipo de informe previo, que ademais non existe a día de hoxe na súa *web* de transparencia, polo que hai que deducir que non existe.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi a evolución de cada un dos 14 obxectivos establecidos na lei exterior de Galicia nos últimos dez anos?

2ª) Houbo aproximación ao produto interior bruto *per cápita* da zona euro da Unión Europea desde o ano 2009?

3ª) Houbo diversificación dos mercados exteriores desde o ano 2009?

4ª) Contribuíu a acción exterior de Galicia á captación de capital mercantil e industrial destinado a investimento produtivo?

5ª) Cal foi o importe do capital captado por Galicia desde o ano 2009?

6ª) Cal foi o importe de capital que abandonou Galicia desde o ano 2009?

7ª) Atraeuse desde o ano 2009 capital humano cualificado a Galicia, potenciando sectores estratéxicos relacionados coa innovación, a creatividade, a ciencia, a industria, o rural e os servizos sociais, contribuindo deste modo ao desenvolvemento de Galicia e a combater o declive demográfico e os desequilibrios territoriais tal e como se establece na Lei galega de acción exterior?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 13/02/2023 12:03:39





Paloma Castro Rey na data 13/02/2023 12:03:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a obriga da recollida separada dos residuos nos edificios públicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 40 da lei 6/2021 de residuos e solos contaminados establece no artigo 40 o seguinte:

Artigo 40. Edificios públicos

1. En todos os edificios situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan titularidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico deberán adoptarse as medidas necesarias para facilitar a recollida separada dos residuos xerados neles, así como fomentarse a instalación e utilización de fontes de auga potable de carácter gratuíto e de envases reutilizables.

2. As medidas previstas no número anterior deberán adoptarse igualmente nos edificios situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan de titularidade das entidades locais de Galicia, as universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia e as entidades vinculadas ou dependentes delas, dentro do respecto á súa autonomía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. No caso dos edificios situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan titularidade da Administración xeral do Estado, as administracións das demais comunidades autónomas e as entidades dos seus respectivos sectores públicos, as devanditas medidas terán carácter potestativo.

Transcorrido máis de un ano e medio desde a entrada en vigor da citada norma, cómpre coñecer o desenvolvemento da citada previsión, así como adoptar as medidas necesarias para levada a cabo en toda a súa amplitude.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cal é o grao de cumprimento do previsto no artigo 40 da lei 6/2021 de residuos e solos contaminados, en relación coa obriga de recollida separada de residuos nos edificios públicos?

Que medidas implantou a Xunta ao longo do último ano e medio nos seus edificios para o cumprimento do previsto no citado artigo?

Que medidas implantou a Xunta no ámbito concreto da recollida separada e compostaxe in situ dos biorresiduos nos edificios da súa competencia?

Que medidas implantou ou prevé implantar o goberno galego para o cumprimento do previsto no citado artigo en relación cos edificios doutras administracións?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/10/2022 11:50:44

Paulo Ríos Santomé na data 11/10/2022 11:50:48

Alexandra Fernández Gómez na data 11/10/2022 11:50:56



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Un dos monumentos máis visitados da cidade de Ourense, a ponte Romana, leva cinco anos afeada pola presenza dun valado instalado na parte do barrio da Ponte, por razóns de seguridade, por risco de derrubamento ao ter o forxado que sostén a beirarrúa problemas estruturais.

O Grupo Municipal Socialista xa denunciou no ano 2020 a inacción da Xunta de Galicia e do Concello de Ourense para o reacondicionamento da beirarrúa desta ponte histórica, dificultando o acceso a veciños, veciñas e comerciantes.

De feito, a execución da segunda fase das obras de acondicionamento da ponte anunciadas pola Xunta de Galicia, non recollía ningunha actuación na beirarrúa, deixando un pegote a un lado dun ben de interese cultural e turístico.

As discrepancias pola titularidade entre Concello e Xunta de Galicia foron obxecto incluso de litixio entre ambas administracións, recaendo Sentencia no Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Ourense, que negou que a titularidade deste ben fora do Concello de Ourense. Con todo, o xuíz tampouco afirmaba que sexa da Xunta de Galicia.

Todos estes avatares supuxeron que ningunha Administración actuara durante todo este tempo, para ofertar unha solución aos veciños, veciñas e comerciantes que alí se sitúan.

En resposta a unha pregunta formulada polo Grupo Municipal Socialista, o Goberno municipal asegura que, tras varias conversacións, alcanzaron un acordo para que sexa a Xunta de Galicia a que asuma a reparación necesaria para adecentar a zona, integrando as obras pertinentes no proxecto que está preparando para a reforma integral da avenida das Caldas.



A reforma integral da avenida de As Caldas forma parte dun proxecto da Consellería de Infraestruturas para crear un itinerario peonil e ciclista de norte a sur da cidade.

A solución proposta pola Xunta de Galicia prevé demoler totalmente a beirarrúa existente, para construír unha nova e estreita estrutura metálica a modo de pasarela, na que a mesma estará pegada aos edificios, pero non á ponte Romana.

De feito, haberá un buraco de varios metros de profundidade entre a nova estrutura metálica e a ponte, estrutura á que se accederá desde a cafetería situada no cruce coa rúa Ribeiriño.

Entende este grupo parlamentario que esta solución no é a axeitada para un dos monumentos máis importantes da cidade de Ourense, e que tampouco soluciona os problemas de acceso aos inmobles, e sabedores de que os propietarios dos edificios aludidos presentaron os oportunos recursos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que o Goberno galego tardou cinco anos en asumir as obras de reacondicionamento das beirarrúas da ponte Romana de Ourense, a pesar dos problemas de seguridade que padece?
2. Cando se licitarán as obras do eixo de mobilidade sostible de 600 metros desde a estación intermodal ata a ponte Romana?
3. Cando se licitarán as obras do tramo do eixo de mobilidade sostible comprendido entre a ponte Romana e Expourense, en cuxo trámite de información pública se incluíu o proxecto de reforma da beirarrúas con problemas?
4. Entende o Goberno galego que a solución que formula o proxecto, dentro do eixo de mobilidade sostible entre a estación e Expourense, é o mais axeitado?
5. Entende que o proxecto de reacondicionamento vai a solucionar os problemas de accesibilidade aos inmobles?
6. Vai a Xunta de Galicia a modificar este proxecto e estudar e licitar unha mellora que garanta unha solución estética axeitada e de accesibilidade,



adecuada a un dos monumentos mais importantes da cidade de Ourense, catalogado como BIC e Monumento Nacional?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro do 2023

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Eduardo Ojea Arias
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/02/2023 13:47:54

Marina Ortega Otero na data 13/02/2023 13:48:07

Eduardo Ojea Arias na data 13/02/2023 13:48:16

Noa Susana Díaz Varela na data 13/02/2023 13:48:24

Noelia Otero Lago na data 13/02/2023 13:48:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á necesidade de esixir ao goberno do Estado o freo á privatización das torres de control dos aeroportos galegos e a recuperación para o público das xa privatizadas.

Exposición de motivos

Recentemente, foi publicado o proxecto de orde ministerial pola que se determinan os aeroportos xestionados por AENA para a selección de novos provedores civís nos servizos de control de tránsito aéreo de aeródromo.

Isto supón continuar coa privatización das torres de control iniciada após a publicación da Lei 9/2021, do 14 de abril, pola que se regula a prestación de servizos de tránsito aéreo, establécense as obrigas dos provedores civís de ditos servizos e se fixan deas condicións laborais para os controladores civís de tránsito aéreo, que supuxo a privatización das torres de Vigo e da Coruña.

A realidade é que, ao contrario do que se está a transmitir, as torres privatizadas non gañaron en eficacia nin eficiencia, mais si gañaron en precariedade laboral e en recorte de dereitos laborais e sindicais, con despidos a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

controladores que cuestionan instrucións empresariais que poden poñer en risco a seguridade.

Tampouco é certo que a privatización conleve un abaratamento dos billetes de avión, xa que só é preciso comparar os billetes de avión de Vigo e a Coruña cos de Santiago de Compostela para decatarnos que este abaratamento non é real.

Esta reactivación da privatización prodúcese nun momento de folga dos controladores do sector privado, pola precarización e empeoramento das súas condicións laborais. Vemos como estes profesionais acaban buscando un posto de traballo no sector público ou abandonando o propio sector ante as actuais condicións de traballo na empresa privada.

A realidade é que a privatización é un grande negocio para as empresas privadas e para AENA, empresa cun 51% de participacións pública a través de ENAIRE e que foi vendida a prezo de saldo para que agora, os seus accionistas repartan dividendos millonarios cada ano. Beneficios que con anterioridade ían destinados á mellora das instalacións de navegación aérea.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Cal é a posición da Xunta de Galiza ante o intento de privatización da torre de control de Lavacolla?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Á vista das consecuencias laborais e a nula afectación de eficiencia e abaratamento dos billetes que trouxo a privatización das torres de control dos aeroportos de Vigo e A Coruña, vai reclamar a Xunta de Galiza a reversión ao público destas torres?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 13/02/2023 13:50:39

Iria Carreira Pazos na data 13/02/2023 13:50:44

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2023 13:50:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de o goberno afrontar a tan demandada reforma integral do IES Francisco Aguiar de Betanzos (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A oferta educativa no concello de Betanzos a respecto do ensino secundario e postobrigatorio artículase ao redor do IES Francisco Aguiar e do IES As Mariñas.

O IES Francisco Aguiar é un instituto inaugurado hai 70 anos que acolle poboación estudantil adscrita do CEIP Vales Villamarín de Betanzos e da comarca das Mariñas como son o IES de Viós (Abegondo) e o CPI Cruz do Sar (Bergondo).

O IES Francisco Aguiar conta no curso actual cunha matrícula próxima aos 700 alumnos e alumnas distribuídos, segundo as diferentes etapas educativas, en tres edificios independentes: 1 para a impartición de docencia en ESO, outro para Bacharelato e outro que conta con talleres e laboratorios e onde se imparte a docencia do Ciclo Superior de Xestión de vendas e espazos comerciais.

Ao longo dos 70 anos de actividade educativa ininterumpida no IES Francisco Aguiar non se produciron labores de mantemento por parte da Administración, malia as continuas reclamacións da comunidade educativa. Apenas se pode mencionar a mudanza dos ventanais do edificio de ESO que, por certo, nin sequera eran novas, senón de segunda man e procedentes doutro edificio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O edificio coñecido popularmente como Porquerizas presenta desde hai anos deficiencias estruturais fundamentais que tamén teñen sido denunciadas pola comunidade educativa sen que a Consellería de Educación teña dado resposta en positivo.

Unhas deficiencias que, nesta altura, manifestan graves problemas de seguridade e salubridade para profesorado e alumnado, tal e como puidemos comprobar no grupo parlamentar do BNG.

Desde a Consellería de Educación anunciouse en 2021 a posta en marcha do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica dotado con 191 millóns de euros para desenvolver na presente lexislatura, cunha orientación estritamente educativa, con espazos máis amplos e polivalentes, máis saudables, ambientalmente sostibles e cun reforzo da dotación tecnolóxica para afrontar o futuro dixital.

Segundo a Consellería, as actuacións contempladas inclúen tanto centros de nova construción *como ampliacións, rehabilitacións integrais, obras en fachadas e cubertas e intervención varias.*

No BNG entendemos que a situación de elevado deterioro, incompatíbel coas necesarias garantías dunha calidade educativa merecente de tal nome, que presenta o IES Francisco Aguiar de Betanzos debe revertirse canto antes.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Recoñece o goberno a situación de deterioro que presenta o IES Francisco Aguiar de Betanzos?
- Que actuacións de mellora ten realizado o goberno neste centro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que actuacións de mellora ten realizado o goberno neste centro para garantir seguridade e salubridade no bloque coñecido como Porquerizas?
- Como cualifica o estado xeral deste último edificio?
- Comprométese o goberno galego a elaborar, na maior brevidade posíbel, un proxecto de reforma integral do IES Francisco Aguiar para resolver os problemas de seguridade e salubridade e asegurar un marco educativo saudábel e sostíbel?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/02/2023 17:04:23

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/02/2023 17:04:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de dotar da totalidade do profesorado do catálogo o CEIP Novo Mesoiro da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O barrio de Novo Mesoiro da Coruña é de nova construción e a dotación dos servizos públicos básicos, como educación e sanidade, foron chegando moi lentamente e, en boa medida, grazas ao impulso das continuas demandas veciñais.

Esta nova edificación urbana é a día de hoxe unha área densamente poboada na que destaca, ademais, a elevada porcentaxe de poboación infantil e adolescente.

Os datos do último e máis recente padrón continuo publicado a finais de xaneiro deste ano, a respecto da estatística a 1 de xaneiro de 2021, advirten que a poboación de entre 15 e 19 anos no barrio era de 224 persoas. E para a franxa de idade de entre 10 e 14 anos de 731 nenas e nenos. En total, a 1 de xaneiro de 2021 había censadas 955 persoas de entre 10 e 19 anos. A franxa estatística inmediatamente inferior, a que se sitúa entre os 5 e 9 anos advirte un censo de 829 crianzas.

É evidente que esta zona da cidade da Coruña, en continuo medre demográfico como área urbana nova, precisará non vindeiros anos a dotación correspondente en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

materia de ensino secundario, tal e como ten demandado a asociación veciñal do barrio e como temos trasladado nesta cámara desde o grupo parlamentario do BNG.

Con todo, no presente, o que cómpre é atender debidamente o alumnado do CEIP Novo Mesoiro. E para iso é fundamental respectar os recursos humanos precisos que garantan unha atención educativa de calidade adaptada ás necesidades do barrio.

No presente curso escolar 2022-2023 a Consellería non respectou o catálogo de centro ao permitir que este curso se estea a desenvolver con menos profesorado, non cubrindo unha das tres prazas vacantes de educación primaria coa interinidade agardada, como si fixo a consellería coas outras dúas vacantes, resultantes as tres da concesión das correspondentes comisións de servizos.

Prescindir dunha docente ten consecuencias pedagóxicas e organizativas no centro moi importantes como é perder un profesor de apoio ou reducir a dedicación propia da responsabilidade como membro de equipo directivo ao ter que asumir unha maior carga lectiva.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Por que razón o goberno galego non cubriu a vacante de profesorado de educación primaria do CEIP Novo Mesoiro da Coruña, resultante da concesión dunha comisión de servizos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- É consciente o goberno dos prexuízos que isto provocou no centro a nivel pedagóxico e organizativo?

- Comprométese a consellería a repoñer a praza vacante á maior brevidade posíbel?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/02/2023 17:20:58

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/02/2023 17:21:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas para o fomento do sistema de transporte público por estrada mediante a implementación da “Tarxeta 30 Toda Galiza”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Hoxe máis ca nunca se pon de manifesto a importancia do transporte público, cunha crise enerxética, económica e social que dificulta os desprazamentos continuados no transporte privado.

Segundo o INE, unhas 150.000 persoas desprázanse diariamente entre diferentes concellos galegos, xa sexa por traballo, estudos ou xestións de calquera tipo. A maioría destes desprazamentos son realizados en vehículos particulares, xa que, tal e como sinalan expertas da UDC, o servizo de transporte público non é útil para a maior parte destes desprazamentos, por falta de horarios, itinerarios e paradas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O incremento da inflación repercute especialmente na mobilidade das familias, da xente moza e da clase traballadora, ante a carestía dos carburantes ao que se engade o custe das peaxes, entre as máis caras do Estado. Neste contexto, faise necesario adoptar medidas para incentivar e facer máis accesíbel o transporte público, coa implementación dunha tarxeta plana de transporte intermodal que por un importe mensual de 30 euros permitiría a calquera persoa viaxar por todo o País vía tren, autobús, barco e taxi rural.

A implementación desta tarxeta vai na liña das medidas adoptadas por unha grande parte dos países europeos, que contan cunha tarifa plana que axude no fomento do transporte público e dunha mobilidade máis sustentábel. Para acadar isto é necesario adoptar medidas estruturais, polo que esta tarifa plana deberá estar enmarcada nun proceso de revisión e fondas mudanzas do sistema público de transporte en Galiza, onde as diferentes administracións cheguen a acordos para ter unha Galiza mellor conectada e vertebrada, e facer do transporte público un verdadeiro motor de avance social e ambiental no noso país.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. É coñecedora a Xunta de Galiza das continuadas queixas das usuarias do transporte público por estrada no conxunto do país?

. Cre a Xunta de Galiza que o actual modelo de transporte público por estrada cubre as necesidades da poboación?

. Cal é o compromiso da Xunta de Galiza co papel social, democratizador e ambiental que debe cumprir o servizo de transporte público por estrada?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para fomentar o transporte público por estrada?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da implementación dunha tarifa plana de transporte como a “Tarxeta 30 Toda Galiza”?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 14/02/2023 12:10:13

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2023 12:10:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas a tomar para a mellora do transporte público por estrada no Morrazo na súa conexión co Hospital Álvaro Cunqueiro e servizos hospitalarios e educativos próximos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa posta en funcionamento da Estación Intermodal de Vigo, modificáronse varios trazados nas diferentes liñas de transporte público por estrada que unen a Comarca do Morrazo coa cidade de Vigo.

É ben sabido que unha parte importante das persoas que viven nas vilas da comarca do Morrazo, desprázanse todos os días a Vigo por motivos laborais, sendo o transporte público por estrada e o transporte de ría, uns servizos fundamentais para esta comarca.

A veciñanza non só se despraza ao centro da cidade, senón que son moitas as persoas que veñen utilizando transporte público para acudir ao seu traballo nos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro, ao igual que moitas mozas e mozos teñen que desprazarse a diario aos centros de FP próximos ao hospital O Meixoeiro.

Actualmente, modificouse o trazado que daba un servizo directo a estas infraestruturas, obrigando ás persoas que viaxan nestes autobuses a facer un percorrido polo centro de Vigo co conseguinte aumento nos tempos de viaxe. Isto está a ocasionar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moitas queixas nos usuarios e usuarias, as cales non poden chegar a tempo aos seus lugares de traballo ou estudo.

Lonxe de mellorar a calidade do transporte público por estrada e ser un servizo máis útil para as usuarias e usuarios, estas mudanzas están a provocar moitas molestias e están a ser un motivo para que moitas persoas deixen de utilizala en favor do vehículo privado.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. É coñecedora a Xunta de Galiza das necesidades dunha conexión directa co Hospital Álvaro Cunqueiro dende a Comarca do Morrazo?

. Cal é o motivo das mudanzas no trazado, que obrigan a pasar polo centro de Vigo as liñas directas cara o Hospital Álvaro Cunqueiro que existían anteriormente?

. Que medidas e en que prazos vai tomar a Xunta de Galiza para reverter unha situación que prexudica a moitas usuarias e usuarios do servizo de transporte público da comarca do Morrazo?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 14/02/2023 12:26:33

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2023 12:26:37

Iria Carreira Pazos na data 14/02/2023 12:26:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación sanitaria no concello de Poio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A área sanitaria Pontevedra-O Salnés está nunha situación límite, convertida na auténtica zona cero do deterioro e desmantelamento do sistema de saúde público e campo de experimentación de medidas regresivas que se pretenden ir introducindo gradualmente nesta área para logo estendelas ao resto do país.

Na área Pontevedra-O Salnés ningún centro de saúde ou PAC funciona con normalidade, cos cadros de persoal que lles corresponden. Centos de persoas non poden pedir cita médica, e miles non teñen persoal médico asignado, e teñen que ser atendidas cada vez por unha profesional diferente. Nos nove PACs da área, un día si e outro tamén, están sen profesionais, con quendas enteiras sen un só médico, o que obriga ás persoas doentes a ir peregrinando dun PAC a outro para poder ser atendidas.

Esta situación da atención primaria está producindo unha forte presión nas urxencias hospitalarias, formándose longas colas en urxencias pediátricas e colapsando as urxencias do hospital Montecelo, onde se producen traslados de pacientes das urxencias para o hospital do Salnés e para o QuirónSalud de forma reiterada.

O deterioro tamén é evidente na atención especializada, con interminábeis listas de agarda e retrasos en enfermidades crónicas, o retraso de probas diagnósticas e consultas con especialistas, a tardanza de citas en saúde mental, o incremento da espera para operacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O persoal sanitario tamén é vítima desta situación, pola masificación e saturación dos centros de saúde, a acumulación de listas de agarda, o elevado número de consultas diarias, as deficientes condicións laborais, a presión para incrementar e prolongar as xornadas de traballo. A presión e a tensión na que viven a diario está minando a súa capacidade de resistencia e provocando o desánimo e a frustración.

2. O concello de Poio é unha boa mostra do panorama que acabamos de describir. Existen 1.300 persoas sen médico ou médica asignado, sen acceso a citas médicas a non ser por urxencia. Das tres vacantes existentes só se cubriu a do centro de saúde de Raxó.

Debido a esta situación límite, a mesa en defensa da sanidade fixo unha proposta de moción que foi aprobada por unanimidade no pleno do mes de xaneiro. O acordo adoptado é o seguinte:

- 1. Esixir ao goberno galego a adopción con urxencia de todas as medidas necesarias para garantir a cobertura das prazas vacantes e prestar unha atención sanitaria pública digna no concello de Poio e en toda a área sanitaria de Pontevedra-O Salnés.*
- 2. Esixir ao goberno galego a resolución urxente da situación das urxencias hospitalarias, incluídas as pediátricas, na área sanitaria de Pontevedra-O Salnés.*

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que valoración fai a Xunta sobre a situación sanitaria na área de Pontevedra O Salnés, caracterizada polas listas de agarda en atención primaria, a grande cantidade de persoas sen médico ou médica de familia, o colapso das urxencias, o retraso nas probas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

diagnósticas e na atención das enfermidades crónicas, ou as listas de agarda en saúde mental?

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para revertir a situación de caos e colapso que sofren os centros de atención primaria, os PAC e as urxencias hospitalarias, incluíndo as pediátricas?

Comparte a Xunta o contido do acordo adoptado por unanimidade polo Pleno do Concello de Poio?

Que medidas vai adoptar a Xunta para prestar unha atención médica de calidade á veciñanza do concello de Poio?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2023 12:18:34

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2023 12:19:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o desenvolvemento dun novo modelo de mobilidade intermodal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Segundo o INE, unhas 150.000 persoas desprázanse diariamente entre diferentes concellos galegos, xa sexa por traballo, estudos ou xestións de calquera tipo. A maioría destes desprazamentos son realizados en vehículos particulares, xa que, tal e como sinalan expertas da UDC, o servizo de transporte público non é útil para a maior parte destes desprazamentos, por falta de horarios, itinerarios e paradas.

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este novo plan de transporte está a deixar unha Galiza peor comunicada e un servizo máis precarizado, con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da sociedade galega.

O noso futuro como sociedade debe pasar por un transporte público forte, que xogue un papel indiscutíbel en canto á vertebración do noso territorio, que funcione tamén como un elemento que garanta a igualdade de oportunidades para todas as galegas e galegos e que nos achegue tamén á redución das emisións contaminantes cara unha sociedade máis limpa.

Para isto, é imprescindible pasar do actual modelo de intermodalidade físico, ou pasar de que a intermodalidade sexa un apelido das diferentes estacións, a que se converta nunha intermodalidade real como piar fundamental para a vertebración do noso país e para o fomento do transporte público galego cara unha mobilidade máis sostible.

Unha intermodalidade funcional que conte con billetes compartidos, con horarios coordinados entre os distintos tipos de transporte e itinerarios, onde se aposte decididamente por un sistema ferroviario galego de media distancia e onde exista un servizo galego de cercanías vía ferrocarril.

A intermodalidade é a peza central do transporte público en toda Europa, e se queremos un país con futuro non podemos quedar atrás nos avances sociais e ambientais que supón un servizo de transporte público moderno e ben conectado no noso país.

Para isto é fundamental que a Xunta de Galiza faga valer os dereitos e as necesidades do pobo galego ante outras administracións, reclamando se é preciso o traspaso das competencias necesarias para acadar estes obxectivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Como valora a Xunta de Galiza o nivel de intermodalidade actual do transporte público galego?

. Entende necesario, a Xunta de Galiza, pasar dunha intermodalidade física a unha funcional que coordine os diferentes tipos de transporte?

. Valora positivamente a Xunta de Galiza, a creación e o fomento dun transporte de cercanías no noso país?

. Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para o fomento e a reestruturación do transporte por ferrocarril no noso país?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 14/02/2023 17:08:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2023 17:08:51



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Hai máis de dous anos que o Goberno galego anunciou un novo modelo de residencias en Galicia e polo de agora non deu conta do traballo do Comité asesor ao respecto. Este desleixo está a repercutir na calidade de vida das persoas maiores nos centros de atención residencial que sofren día tras día a mingua deste dereito asistencial xa que lonxe de mellorar parece que vai a peor.

De feito nos últimos meses profesionais do sector, tanto traballadoras e traballadores do ámbito das residencias, pero tamén traballadoras sociais e outros perfís profesionais dos servizos sociais comunitarios, alertan dos ingresos de persoas enfermas de psiquiatría menores de 65 anos nestes centros, sen dotalos previamente de persoal especializado nin do reforzo de recursos humanos preciso para poder atender este tipo de casuísticas.

O que debe ser unha excepción, estase a converter en norma, debido á falta de recursos específicos para atender a casos graves de doentes de psiquiatría. O feito é que as persoas maiores que viven nas residencias galegas (máis do 60 % con algún tipo de demencia) teñen que convivir na actualidade, nalgúns casos ata cun 25 % de prazas ocupadas con doentes de psiquiatría, onde a dita retroalimentación de ambas casuísticas para nada é recomendable por parte dos expertos, tendo en conta a concepción actual das residencias na dotación de recursos e modelo de atención.

A ausencia de planificación e falta de recursos, o descoñecemento sobre o que debe ser un centro de atención residencial por parte do Goberno galego, está lastrando o benestar das persoas maiores e a calidade de atención para as persoas con patoloxía psiquiátrica.

O caos asistencial que están a sufrir algúns centros de atención residencial para persoas maiores deriva na desmotivación, efectos na saúde mental do propio persoal que está desgastado tras ser o epicentro dunha pandemia sen precedentes.

O recoñecemento ao persoal das residencias pasa, única e exclusivamente por incentivalos nas súas condicións laborais e dotalos de persoal suficiente e especializado ante este tipo de casuísticas.



Por iso, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que porcentaxe de persoas menores de 65 anos con patoloxía psiquiátrica residen nas residencias de maiores de Galicia?
2. Que balance ou acción ten levado a cabo o Goberno galego para garantir o benestar e plena convivencia das persoas maiores, así como o benestar das persoas con problemas de saúde mental menores de 65 anos?

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 14/02/2023 17:18:41



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Existe entre os docentes e dende hai tempo xa un sentimento e malestar xeneralizado de que o seu labor céntrase cada vez máis na realización de tarefas burocráticas que na xestión do proceso de ensino-aprendizaxe. Unha percepción que fai xerar desmotivación e rexeitamento cara a estas tarefas. Hai diferentes informes sindicais que sitúan en distintas porcentaxes, en que máis do 40 % das e dos docentes empregaría cada semana unha media de 5 e 7 horas a estas cuestións, ou que o 70 % exceden a súa xornada laboral porque, ademais dos trámites burocráticos requiridos, teñen que preparar clases, recursos e materiais, realizar correccións e traballar na innovación un tempo que aumenta aínda máis nos docentes que exercen funcións de titoría. Realizar informes de todas as avaliacións (iniciais, trimestrais e finais), introducir e actualizar datos nos programas de xestión, a recollida de datos persoais do alumnado, do control e a xustificación das faltas de asistencia, dos partes disciplinarios, atender ás familias nas titorías, reunións das que poden ter que recoller acta, reúnense cos departamentos de orientación educativa, redactan memorias, informes...

A esta situación cómpre lembrar que ademais se suma nos últimos tempos as crecentes dificultades na necesaria atención a un alumnado con necesidades específicas e de apoio. Esta cuestión xunto aos recortes nestes tempos de tanta dificultade denunciada en moitos centros con problemáticas delicadas, aumento de casos por condutas suicidas, aumento da incidencia de situacións relacionadas coa saúde mental na infancia e mocidade que están a ser afrontados pola vontade, profesionalidade e entrega das e dos docentes pero a costa dun nivel de estrés e sobrecarga horaria que non pode seguir obviando a Consellería de Educación.

Esta sensación de carga burocrática que xa vén de atrás viuse incrementada coa xestión asociada ao estado coa pandemia, primeiro o estado de alarma, confinamento e a convivencia do sistema educativo coa pandemia.

Para lograr que o sistema educativo funcione adecuadamente débese contar con profesionais motivados e cualificados. O profesorado está preparado para formar e ensinar ao alumnado, ese debe ser o seu obxectivo principal. Entre as principais demandas do profesorado galego está tamén a redución do horario lectivo,



demanda que ten sido respondida na maior parte das comunidades autónomas, quedando Galicia entre as única catro que aínda manteñen esta débeda. Este curso, e segundo a Consellería para “facilitar a transición” á LOMLOE e sacar beneficios da dixitalización, se implementaba a aplicación Proens. Pero a realidade que trasladan desde a comunidade docente é que no canto de mellorar as cousas se ten en moitos casos convertido nun problema engadido. Ademais da feble e escasa e as veces inexistente formación previa as e os docentes xa padeceron serias dificultades cos prazos para a entrega das programacións. Agora pasados uns meses do inicio de curso, son moitas as casuísticas e exemplos como o caso de Educación Infantil onde quedan de manifesto as dificultades que ten engadido o labor do profesorado. Aspectos tan básicos como as programacións nas aulas, máis se son mixtas, que obriga a facelas para cada grupo de idade cun sistema configurado por unidades didácticas cando nesta etapa se traballa por proxectos, ambientes, microespazos e demais.

Proens presenta en definitiva características que nada teñen que ver coa realidade das aulas e que teñen que ser corrixidas de cara a non seguir engadindo dificultades ao desenvolvemento do traballo dun profesorado xa saturado.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto modificar e actualizar para mellorar a utilidade de Proens esta ferramenta?
2. Hai algunha liña de traballo para corrixir as deficiencias que denuncia a comunidade docente?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2023 17:41:15
Nº Rexistro: 49871
Data envío: 14/02/2023 17:41:15.049

Noelia Otero Lago na data 14/02/2023 17:38:14

Noa Susana Díaz Varela na data 14/02/2023 17:38:22

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-K4XROA0z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A pandemia da Covid-19 fixo translúcidos problemas de base en canto ao modelo de coidados en Galicia. En concreto a chamada Lei de dependencia marca seis meses como máximo para a propia resolución de Grao e de PIA (Programa Individual de Atención) e no caso de Galicia estamos a vivir listas de agarda de máis do dobre do que a lei permite. Ademais Galicia é das comunidades autónomas que menos inviste por habitante potencialmente dependente de toda España.

Datos preocupantes nun contexto de normalidade e máis aínda trala crise socio económica motivada pola pandemia e a guerra de Ucraína.

Dende o Grupo Socialista consideramos fundamental blindar o sistema de atención para ofrecer atención de calidade aos galegos e galegas nunha das comunidades autónomas máis envellecidas de todo o país.

Outro factor a ter en conta é o desequilibrio territorial que existe en canto á oferta de servizos para a cidadanía que reside no ámbito rural.

Un dos servizos máis importantes para ofrecer coidados terapéuticos e de calidade a persoas maiores ou con dependencia son os centros de día. Na actualidade o Goberno galego soporta un déficit de prazas en centros de atención residencial, así como tamén en centros de día para persoas maiores ou con dependencia.

O Concello de Vilamarín abarca nove parroquias e máis de dous mil habitantes, polo que é fundamental dar cobertura e atención aos veciños e veciñas mediante un centro de día que garanta os coidados nunha poboación envellecida dentro dun contexto rural.

O día 28 de novembro do ano 2022 en Sesión plenaria, o grupo do Goberno municipal respondeu á proposta socialista de demandar un centro de día para Vilamarín, que xa o solicitaron á Xunta de Galicia e que polo momento non existe resolución ao respecto.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera necesario a Consellería de Política Social un investimento significativo no rural en canto a servizos de atención?
2. Ten constancia a Consellería de Política Social da solicitude do Concello de Vilamarín demandando un centro de día? Resolveron dita petición?
3. Que medidas ou recursos van a investir para mellorar a calidade dos servizos e libranzas da carteira de servizos establecida na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia?
4. Consideran importante investir nun centro de día en Vilamarín, tendo en conta o envellecemento da poboación e desequilibrio territorial en canto a servizos no rural?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro do 2023

Asdo.: Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2023 17:55:48
Nº Rexistro: 49879
Data envío: 14/02/2023 17:55:48.752

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 14/02/2023 17:52:44

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/02/2023 17:52:54

Julio Torrado Quintela na data 14/02/2023 17:53:03

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-K4XROA0z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Rosalía López Sánchez, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Diario Oficial de Galicia publicou o 6 de febreiro de 2023 o decreto que regula o Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia, o primeiro órgano colexiado que dará voz a todos os menores de Galicia para achegar as súas opinións, propostas e necesidades para que se teñan en conta á hora de poñer en marcha políticas públicas que lles afecten.

O Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia estará integrado por un grupo de 30 nenos e adolescentes de idades comprendidas entre os 8 e os 17 anos, ambas incluídas. A metade deles serán rapaces e rapazas en representación dos Consellos locais de Participación Infantil de Unicef, dez procederán do grupo de participación da Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia (POIG) e cinco en representación do Sistema de Protección de Menores da Administración autonómica.

Algunhas das moitas funcións que terá: exercer de órgano de participación de todos os menores de idade galegos; trasladar as opinións, necesidades, intereses e inquietudes da infancia e adolescencia á Xunta de Galicia; realizar propostas aos organismos competentes en materia de infancia e adolescencia; velar polo cumprimento e despregamento da Convención sobre os Dereitos do Neno; propoñer informes e

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





estudos propios sobre materias relacionadas coa infancia; suxerir a posta en marcha de actividades, xornadas, seminarios e campañas que fagan visibles as achegas dos nenos á sociedade; ou promover a creación dos consellos de participación local.

É importante sinalar que este decreto foi froito do traballo colectivo entre o persoal técnico da Administración autonómica e as entidades e axentes implicados na atención á infancia, que fixeron achegas durante o período de información pública.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cando está prevista a constitución do Consello Autonómico da Infancia e Adolescencia?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 14/02/2023 17:16:41

López Sánchez, Rosalía na data 14/02/2023 17:16:56

María Corina Porro Martínez na data 14/02/2023 17:17:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/02/2023 17:17:21

Noelia Pérez López na data 14/02/2023 17:17:37

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 14/02/2023 17:17:53

María Elena Suárez Sarmiento na data 14/02/2023 17:18:05





A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordante do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

O 1 de febreiro de 2023, a organización ecoloxista Oceana, facía público o documento *“Una vía para la descarbonización del sector pesquero en 2050”* no que se plantexa vetar a pesca de arrastre e gravar o gasoil pesqueiro.

As “solucións” que proporciona Oceana no informe que presentou para acelerar esa catarse enerxética non son precisamente as que máis conveñen aos profesionais pesqueiros. Sobre todo porque coloca a soga ao pescozo a unha parte deles, os arrastreiros.

Segundo o sector pesqueiro, o informe demostra, unha vez máis, o profundo descoñecemento destes colectivos sobre a realidade dun sector altamente complexo, tanto desde un punto de vista social como económico, e alerta sobre as consecuencias que pode ter nos cidadáns europeos a progresiva radicalización medioambientalista deste tipo de grupos, presentes nas institucións europeas e cuxo único obxectivo, no caso da pesca, apunta, é a erradicación da actividade pesqueira europea.

A xuízo do sector, o informe presentado por Oceana, lonxe de defender o reto da descarbonización da frota pesqueira europea con rigor e apostando polo asesoramento de expertos e científicos, fai unha formulación simplista, xeneralizando a realidade desta actividade e sen ter en conta o traballo, os esforzos e os logros que o propio sector pesqueiro xa conseguiu neste ámbito. Ademais, e segundo o sector, o documento reflicte claramente a súa estratexia, “na que leva investindo varios millóns de euros nos últimos anos”, de demonizar a artes de pesca como o arrastre de fondo e de “vender” as bondades das Áreas Mariñas Protexidas (AMP).

O sector lamenta que o informe non teña en conta que leva anos traballando e implantando novas tecnoloxías para a optimización enerxética da súa actividade, e estas melloras, nadas a instancias dos propios pescadores, poderían ser o punto de partida para abordar unha transformación enerxética da actividade pesqueira fronte a formulacións afastadas da realidade.





En Galicia, dende a organización ecoloxista ADEGA afirmaban “O arrastre vai desaparecer se queremos apostar polo futuro da pesca”.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a opinión do Goberno galego sobre as consideracións negativas que fan algunhas ONGs medioambientalistas sobre a pesca, nomeadamente a de arrastre?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 14/02/2023 17:50:56

José Manuel Balseiro Orol na data 14/02/2023 17:51:12

Freire Vázquez, María Begoña na data 14/02/2023 17:51:25

Ana Belén García Vidal na data 14/02/2023 17:51:35

Manuel Santos Costa na data 14/02/2023 17:51:49

María Elena Suárez Sarmiento na data 14/02/2023 17:52:00

Daniel Vega Pérez na data 14/02/2023 17:52:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza existen 201 especies ameazadas, das cales 75 están en perigo de extinción e 126 en situación vulnerábel. Tanto a lei 42/2007 do patrimonio natural e a biodiversidade como a lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia prevén a aprobación de plans de recuperación para as especies en perigo de extinción e plans de conservación para as especies vulnerábeis.

Logo da aprobación do Decreto 88/2007 polo que se regula o Catálogo de Especies Ameazadas de Galiza aprobáronse os seguintes plans

- Decreto 70/2013 polo que se aproba o plan de recuperación do sapoconcho común
- Decreto 75/2013 polo que se aproba o plan de recuperación da escribenta das canaveiras.
- Decreto 9/2014 polo que se aproba o plan de conservación da pílara das dunas.

No ano 2013 iniciouse o procedemento de revisión do plan de recuperación dos oso pardo mais transcorridos case 10 anos aínda non foi aprobado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza adxudicou contratos para a elaboración de plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas, sen que os citados plans chegaran a aprobarse oficialmente coa publicación do DOG. Esta situación de desprotección supón un grave risco para as especies vulnerábeis e en risco de extinción e un grave incumprimento -por acción ou omisión- do establecido na lexislación vixente.

Nun exercicio de opacidade e de atranco ao labor de control deste grupo parlamentar, o goberno da Xunta non fixo entrega de copias de diversos estudos contratados entre 2005 e 2021, solicitados ao abeiro do artigo 9. Referímonos a un total de 45 asistencias técnicas e contratos de servizo que supuxeron un investimento superior aos 500.000 euros: 29 destes estudos corresponden á etapa de goberno bipartito (2005-2009) e 16 ao período de goberno do PP (2009-2021). Mentres que se oculta esta información, comprobamos con asombro como empresas privadas fan uso dela e cítana na documentación de proxectos enerxéticos.

No ano 2022, este grupo parlamentar recibiu unha resposta escrita do goberno chea de vaguidades e lugares comúns. Entre outras cuestións, indícase que “as especies silvestres, particularmente as ameazadas, son obxecto dun seguimento específico para avaliación periódica do seu estado de conservación... Nos últimos anos realizouse un seguimento específico das especies incluídas no catálogo galego de especies ameazadas como aguia real, mazarico real, aves mariñas reprodutoras, fentos de valgada, odonatos, etc.”

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación do sapoconcho común, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e dos seu hábitat?
- . Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación da escribenta das canaveiras, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e do seu hábitat?
- . Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación da pílara das dunas, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e dos seus hábitats?
- . En que prazo prevé o goberno galego aprobar a revisión do plan de conservación do oso pardo?
- . Que plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas ten previsto aprobar a Xunta no presente ano 2023?
- . Por que razón o goberno galego non aprobou os plans de recuperación e conservación de 196 especies ameazadas?
- . Ten coñecemento o goberno galego da afección de proxectos industriais e nomeadamente proxectos de desenvolvemento eólico a hábitats de especies ameazadas?
- . Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para evitar a afección de proxectos industriais eólicos a hábitats de especies ameazadas?
- . Por que razón o goberno galego oculta información sobre os estudos de avaliación do estado de conservación de especies ameazadas?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2023 17:55:31

Paulo Ríos Santomé na data 14/02/2023 17:55:37

Alexandra Fernández Gómez na data 14/02/2023 17:55:47



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O 19 de decembro de 2022 máis de 190 países reunidos en Montreal para a COP15 (Conferencia das Nacións Unidas sobre Diversidade Biolóxica) comprometéronse a protexer o 30 % do planeta e a restaurar o 30 % dos ecosistemas perdidos para 2030, o que supón un feito histórico para a conservación da vida no planeta, un acordo para poñer freo á crise da biodiversidade.

O dito acordo, titulado Marco Mundial para a Biodiversidade Kunming-Montreal, é o novo instrumento que será implementado por 196 países para deter e revertir a perda de biodiversidade no mundo, que conta con 23 metas, entre as que cabe destacar:

- Protexer o 30 % das zonas terrestres e mariñas do planeta e restaurar o 30 % dos ecosistemas degradados (coñecido como “programa 30/30”).
- Aumentar a 30.000 millóns de dólares anuais os fluxos financeiros destinados á biodiversidade nos países en desenvolvemento para 2030.
- A creación dun novo Fondo Mundial para a Biodiversidade, dentro dunha organización xa existente (o Fondo para o Medio Ambiente Mundial, creado en 1991).

A meta 30/30 equipárase co que implica o 1,5C adoptado no Acordo de París sobre cambio climático, polo que protexer o 30 % da superficie da terra e o 30 % de océano ata 2030 calcúlase que é a meta mínima para asegurar o benestar das poboacións e os ecosistemas.

A lei 5/2019, de 2 de agosto de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, xa na súa exposición de motivos establece que *“a conservación do medio ambiente é unha das demandas da sociedade actual e unha obriga non só de calquera administración pública, senón de toda a cidadanía, tal e como se desprende do disposto no artigo 45 da Constitución Española”*.



No artigo 2 f) da dita lei, sobre principios xerais, establece que, entre outros, é un principio inspirador da dita lei a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e dedica o Título II aos espazos naturais protexidos, definíndoos no artigo 21.1. como aqueles que sexan declarados como tales pola administración competente, ao concorrer nos mesmos algún dos requisitos seguintes:

1. “Conter sistemas ou elementos naturais representativos, singulares, fráxiles, ameazados ou de especial interese ecolóxico, científico, paisaxístico, xeolóxico ou educativo.

2. Contribuír a garantir o bo estado de conservación dos hábitats, comunidades e especies presentes en calquera fase do seu ciclo vital, que estean ameazados ou que ao amparo de convenios internacionais subscritos por España ou de disposicións específicas requiran unha protección especial.

3. Estar dedicados especialmente á protección e ao mantemento da diversidade biolóxica, da xeodiversidade e dos recursos naturais e culturais asociados, así como dos procesos evolutivos, a conectividade e a migración de especies, e das funcións e procesos ecolóxicos esenciais.

4. Conter elementos de especial interese para a interpretación e o estudo do medio ambiente e dos valores culturais asociados”.

No artigo 22 da Lei establece as categorías de espazos naturais en función dos bens e valores a protexer e dos obxectivos de xestión que deben cumprir, e no artigo 24 define a categoría de parque, establecendo no seu apartado 3 que a declaración de parque natural corresponde á Administración autonómica.

Tendo en conta que nos “Montes do Gato” concorren varios dos requisitos establecidos para ser declarado como espazo natural protexido, como son:

- Albergar a gran Necrólope Megalítica do Neolítico Monte do Gato, con máis de 107 túmulos funerarios catalogados, sen contar coas mámoas individuais, nin as que aínda quedan por catalogar, constituíndo hoxe a maior necrópole do Neolítico de Galicia, que alberga as necrópoles prehistóricas de Gato, Portomoiero, Valló, Mazarelas, O Petón, Outeiro da Ponte, As Penas I e As Penas II, Martán, Cerro de Martán e As Medoñas.
- A superficie do macizo granítico Monte do Gato (1.200 hectáreas) co LIC (Lugar de Interese Comunitario LIC código ES1110021) “Brañas do Deo” (3.385,1 hectáreas) emprazado ao sureste do Monte do Gato, dentro da



ampliación da Rede Natura e considerado un dos sistemas higroturfófilos interiores máis notables de toda Galicia, que suman case 5.000 hectáreas dun mesmo territorio conectado de superficie continua de alto valor ecolóxico e dunha gran singularidade paisaxística, moi pouco antropizado, que alberga hábitats de interese comunitario de acordo coa Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre como as turbeiras elevadas activas (Código Hábitat prioritario 7110*) con taxones florísticos de gran interese.

- Singular riqueza en anfibios.
- Entre os hábitats de interese comunitario, de acordo coa directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e a flora silvestres, están presentes no ámbito do “Parque Natural Montes do Gato” os hábitats: Hábitat 3110, Hábitat 3260, Hábitat 4030, Hábitat 6410, Hábitat 6510, Hábitat 8220, Hábitat 8230 e Hábitat 9230.
- Entre os hábitats prioritarios de interese comunitario de acordo coa directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e da flora silvestres, están presentes no ámbito “Parque Natural Montes do Gato” os hábitats: Hábitat 4020, Hábitat 7110, Hábitat 91E0.
- Perviven nestes hábitats, especies protexidas polo Real decreto 1997/1995, de 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e da flora silvestres.
- Perviven especies do Catálogo Galego de Especies Ameazadas como “vulnerables”.

Tendo en conta que en Galicia hai máis de vinte anos que non se declara ningún parque natural e que este sería o primeiro e único parque natural da “Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” designada como Reserva de Biosfera pola UNESCO el 28 de maio de 2013, e que a súa declaración permitiría paliar o déficit de superficie declarada Zona Núcleo con verdadeira entidade e conectividade ecolóxica.



Por iso, as deputadas e os deputados que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que os Montes do Gato cumpren cos requisitos establecidos na Lei 5/2019, de 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia para ser declarado espazo natural protexido?

2ª) Vai iniciar o Goberno galego o procedemento para declarar o Monte do Gato como parque natural?

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/02/2023 16:27:50

Pablo Arangüena Fernández na data 14/02/2023 16:28:06

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/02/2023 16:28:24

Martín Seco García na data 14/02/2023 16:28:36





Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Elena Suárez Sarmiento, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A área sanitaria da Coruña e Cee é unha das sete áreas sanitarias en que se divide o sistema público de saúde galego. Divídese en dous distritos sanitarios: o Distrito sanitario de Cee, ao oeste da área, e o Distrito sanitario da Coruña ao leste.

O Distrito sanitario de Cee abrangue os seguintes concellos da provincia da Coruña: Camariñas, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas. Pola súa banda, o Distrito sanitario da Coruña esténdese polos concellos de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Cambre, Carballo, Carral, Cerceda, Coirós, Coristanco, A Coruña, Culleredo, Curtis, Irixoa, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Ponteceso, Sada, Sobrado, Vilarmajor e Vilasantar.

Nesta área sanitaria, como acontece na totalidade do sistema nacional de saúde, o principal problema co que enfrontan é o déficit de médicos de familia e especialistas. En consecuencia, as demoras en ámbitos como a atención primaria e hospitalaria, están motivadas polas dificultades de cobertura destas prazas e responden a un contexto xeral de falta de médicos que se dá en toda España. Falamos, polo tanto, dunha problemática común ás diferentes comunidades autónomas, independentemente de quen governe.

O Goberno galego vén demandando ao Ministerio de Sanidade que non faga oídos xordos ante esta problemática global e tome as medidas necesarias para que exista persoal médico dispoñible para contratar, especialmente nas categorías máis deficitarias.

De feito, Galicia liderou xunto ao País Vasco o Manifesto de conselleiros de Sanidade, no que se insta á adoptar medidas estatais urxentes en materia de atención primaria e ao que se adheriron sete gobernos autonómicos de diversas cores políticas, e que contou co apoio da maioría do Congreso dos Deputados, ata o punto de que constitúe un mandato parlamentario expreso que, a día de hoxe, segue pendente de cumprirse.





Con todo, a Xunta de Galicia non permanece de brazos cruzados e, no ámbito das súas competencias, está a adoptar medidas que buscan contribuír á solución desta problemática: Desde incrementar aínda máis o investimento en sanidade pública (hoxe a Xunta conta co orzamento máis elevado da súa historia neste ámbito); ata iniciativas en materia de xestión do persoal e de promoción e desenvolvemento da carreira profesional; e iniciativas tamén no ámbito legislativo, na procura de incrementar a oferta de prazas estables de persoal médico e pediatra, con especial atención a aqueles centros de saúde e hospitais comarcais, que presentan maiores dificultades de cobertura de vacantes.

A falta de reformas estruturais no sistema por parte do Goberno de España segue a causar que, cada ano, milleiros de graduados en medicina non podan optar a unha praza de formación sanitaria cando o Sistema Nacional de Saúde lles necesita con urxencia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que demandas concretas traslada a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas estatais dirixidas a que exista persoal médico dispoñible para contratar?
- 2.- Que iniciativas concretas impulsou o Goberno galego para contribuír, no ámbito das súas competencias, a solucionar a problemática de déficit de persoal médico?
- 3.- Que resultados concretos acadaron -na área sanitaria da Coruña e Cee- os procesos de estabilización impulsados pola Xunta en prazas do persoal médico de centros de saúde e hospitais?
- 4.- Que resultados concertos acadou -na área sanitaria da Coruña e Cee- os concursos impulsados pola Xunta e destinados á provisión de prazas de difícil cobertura que, ata o de agora, quedaban vacantes ano tras ano nos concursos de traslados e nas ofertas públicas de emprego?
- 5.- Que outras iniciativas ten previsto impulsar o Goberno galego co obxecto de incrementar o número de profesionais sanitarios no Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Encarnación Amigo Díaz na data 15/02/2023 10:55:38

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2023 10:55:58

María Corina Porro Martínez na data 15/02/2023 10:56:14

Noelia Pérez López na data 15/02/2023 10:56:34

López Sánchez, Rosalía na data 15/02/2023 10:56:52

José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2023 10:57:05

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 15/02/2023 10:57:18





Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Elena Suárez Sarmiento, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A área sanitaria de Vigo é unha das sete áreas sanitarias en que se divide o sistema público de saúde galego.

Abrangue os seguintes concellos da provincia de Pontevedra: Arbo, Baiona, Cangas, A Cañiza, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Moaña, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Pontearreas, Ponte Caldelas, O Porriño, Redondela, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui e Vigo.

O Goberno galego vén demandando ao Ministerio de Sanidade que non faga oídos xordos ante esta problemática global e tome as medidas necesarias para que exista persoal médico dispoñible para contratar, especialmente nas categorías máis deficitarias. De feito, Galicia liderou xunto ao País Vasco o Manifesto de conselleiros de Sanidade, no que se insta á adoptar medidas estatais urxentes en materia de atención primaria e ao que se adheriron sete gobernos autonómicos de diversas cores políticas, e que contou co apoio da maioría do Congreso dos Deputados, ata o punto de que constitúe un mandato parlamentario expreso que, a día de hoxe, segue pendente de cumprirse.

Con todo, a Xunta de Galicia non permanece de brazos cruzados e, no ámbito das súas competencias, está a adoptar medidas que buscan contribuír á solución desta problemática: Desde incrementar aínda máis o investimento en sanidade pública (hoxe a Xunta conta co orzamento máis elevado da súa historia neste ámbito); ata iniciativas en materia de xestión do persoal e de promoción e desenvolvemento da carreira profesional; e iniciativas tamén no ámbito lexislativo, na procura de incrementar a oferta de prazas estables de persoal médico e pediatra, con especial atención a aqueles centros de saúde e hospitais comarcais, que presentan maiores dificultades de cobertura de vacantes.

A falta de reformas estruturais no sistema por parte do Goberno de España segue a causar que, cada ano, milleiros de graduados en medicina non podan optar a unha praza de formación sanitaria cando o Sistema Nacional de Saúde lles necesita con urxencia.



Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que demandas concretas traslada a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas estatais dirixidas a que exista persoal médico dispoñible para contratar?
- 2.- Que iniciativas concretas impulsou o Goberno galego para contribuír, no ámbito das súas competencias, a solucionar a problemática de déficit de persoal médico?
- 3.- Que resultados concretos acadaron -na área sanitaria de Vigo- os procesos de estabilización impulsados pola Xunta en prazas do persoal médico de centros de saúde e hospitais?
- 4.- Que resultados concertos acadou -na área sanitaria de Vigo- os concursos impulsados pola Xunta e destinados á provisión de prazas de difícil cobertura que, ata o de agora, quedaban vacantes ano tras ano nos concursos de traslados e nas ofertas públicas de emprego?
- 5.- Que outras iniciativas ten previsto impulsar o Goberno galego co obxecto de incrementar o número de profesionais sanitarios no Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/02/2023 10:58:10

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2023 10:58:28

María Corina Porro Martínez na data 15/02/2023 10:58:47

Noelia Pérez López na data 15/02/2023 10:59:04

López Sánchez, Rosalía na data 15/02/2023 10:59:20

José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2023 10:59:30

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 15/02/2023 10:59:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Elena Suárez Sarmiento, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A área sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza é unha das sete áreas sanitarias en que se divide o sistema público de saúde galego. Divídese en dous distritos sanitarios: a meirande parte do territorio ocúpao o Distrito sanitario de Santiago de Compostela, salvo no suroeste da área, onde se atopa o Distrito sanitario da Barbanza. É a única área sanitaria de Galicia que se estende por concellos de distintas provincias, a da Coruña e a de Pontevedra.

O Distrito sanitario de Santiago de Compostela abrangue os seguintes concellos: Ames, Arzúa, A Baña, Boimorto, Boqueixón, Brión, Carnota, Dodro, Dozón, A Estrada, Frades, Agolada, Lalín, Mazaricos, Melide, Mesía, Muros, Negreira, Noia, Ordes, Oroso, Outes, Padrón, O Pino, Pontecesures, Rianxo, Rois, Rodeiro, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Silleda, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Valga, Vedra e Vila de Cruces. Pola súa banda, o Distrito sanitario da Barbanza esténdese polos concellos de Boiro, Lousame, Porto do Son, A Pobra do Caramiñal e Ribeira

O Goberno galego vén demandando ao Ministerio de Sanidade que non faga oídos xordos ante esta problemática global e tome as medidas necesarias para que exista persoal médico dispoñible para contratar, especialmente nas categorías máis deficitarias. De feito, Galicia liderou xunto ao País Vasco o Manifesto de conselleiros de Sanidade, no que se insta á adoptar medidas estatais urxentes en materia de atención primaria e ao que se adheriron sete gobernos autonómicos de diversas cores políticas, e que contou co apoio da maioría do Congreso dos Deputados, ata o punto de que constitúe un mandato parlamentario expreso que, a día de hoxe, segue pendente de cumprirse.

Con todo, a Xunta de Galicia non permanece de brazos cruzados e, no ámbito das súas competencias, está a adoptar medidas que buscan contribuír á solución desta problemática: Desde incrementar aínda máis o investimento en sanidade pública (hoxe a Xunta conta co orzamento máis elevado da súa historia neste ámbito); ata iniciativas en materia de xestión do persoal e de promoción e desenvolvemento da carreira profesional; e iniciativas tamén no ámbito lexislativo, na procura de incrementar a oferta





de prazas estables de persoal médico e pediatra, con especial atención a aqueles centros de saúde e hospitais comarcais, que presentan maiores dificultades de cobertura de vacantes.

A falta de reformas estruturais no sistema por parte do Goberno de España segue a causar que, cada ano, milleiros de graduados en medicina non podan optar a unha praza de formación sanitaria cando o Sistema Nacional de Saúde lles necesita con urxencia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que demandas concretas traslada a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas estatais dirixidas a que exista persoal médico dispoñible para contratar?
- 2.- Que iniciativas concretas impulsou o Goberno galego para contribuír, no ámbito das súas competencias, a solucionar a problemática de déficit de persoal médico?
- 3.- Que resultados concretos acadaron -na área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza- os procesos de estabilización impulsados pola Xunta en prazas do persoal médico de centros de saúde e hospitais?
- 4.- Que resultados concertos acadou -na área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza- os concursos impulsados pola Xunta e destinados á provisión de prazas de difícil cobertura que, ata o de agora, quedaban vacantes ano tras ano nos concursos de traslados e nas ofertas públicas de emprego?
- 5.- Que outras iniciativas ten previsto impulsar o Goberno galego co obxecto de incrementar o número de profesionais sanitarios no Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/02/2023 11:00:35

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2023 11:00:50

María Corina Porro Martínez na data 15/02/2023 11:01:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2023 11:15:02
Nº Rexistro: 49933
Data envío: 15/02/2023 11:15:02.488

Noelia Pérez López na data 15/02/2023 11:01:17

López Sánchez, Rosalía na data 15/02/2023 11:01:32

José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2023 11:01:42

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 15/02/2023 11:01:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-K4XROAloz-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Elena Suárez Sarmiento, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A área sanitaria de Ferrol é unha das sete áreas sanitarias en que se divide o sistema público de saúde galego. Abrangue os vinte concellos de Ferrolterra, no norte da provincia da Coruña: Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugaros, Narón, Neda, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, Pontedeume, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño.

Nesta área sanitaria, como acontece na totalidade do sistema nacional de saúde, o principal problema co que enfrontan é o déficit de médicos de familia e especialistas. En consecuencia, as demoras en ámbitos como a atención primaria e hospitalaria, están motivadas polas dificultades de cobertura destas prazas e responden a un contexto xeral de falta de médicos que se dá en toda España. Falamos, polo tanto, dunha problemática común ás diferentes comunidades autónomas, independentemente de quen governe.

O Goberno galego vén demandando ao Ministerio de Sanidade que non faga oídos xordos ante esta problemática global e tome as medidas necesarias para que exista persoal médico dispoñible para contratar, especialmente nas categorías máis deficitarias. De feito, Galicia liderou xunto ao País Vasco o Manifesto de conselleiros de Sanidade, no que se insta á adoptar medidas estatais urxentes en materia de atención primaria e ao que se adheriron sete gobernos autonómicos de diversas cores políticas, e que contou co apoio da maioría do Congreso dos Deputados, ata o punto de que constitúe un mandato parlamentario expreso que, a día de hoxe, segue pendente de cumprirse.

Con todo, a Xunta de Galicia non permanece de brazos cruzados e, no ámbito das súas competencias, está a adoptar medidas que buscan contribuír á solución desta problemática:

Desde incrementar aínda máis o investimento en sanidade pública (hoxe a Xunta conta co orzamento máis elevado da súa historia neste ámbito); ata iniciativas en materia de xestión do persoal e de promoción e desenvolvemento da carreira profesional; e iniciativas tamén no ámbito lexislativo, na procura de incrementar a oferta de prazas estables de persoal médico e pediatra, con especial atención a aqueles centros de





saúde e hospitais comarcais, que presentan maiores dificultades de cobertura de vacantes.

A falta de reformas estruturais no sistema por parte do Goberno de España segue a causar que, cada ano, milleiros de graduados en medicina non podan optar a unha praza de formación sanitaria cando o Sistema Nacional de Saúde lles necesita con urxencia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que demandas concretas traslada a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas estatais dirixidas a que exista persoal médico dispoñible para contratar?
- 2.- Que iniciativas concretas impulsou o Goberno galego para contribuír, no ámbito das súas competencias, a solucionar a problemática de déficit de persoal médico?
- 3.- Que resultados concretos acadaron -na área sanitaria de Ferrol- os procesos de estabilización impulsados pola Xunta en prazas do persoal médico de centros de saúde e hospitais?
- 4.- Que resultados concertos acadou -na área sanitaria de Ferrol- os concursos impulsados pola Xunta e destinados á provisión de prazas de difícil cobertura que, ata o de agora, quedaban vacantes ano tras ano nos concursos de traslados e nas ofertas públicas de emprego?
- 5.- Que outras iniciativas ten previsto impulsar o Goberno galego co obxecto de incrementar o número de profesionais sanitarios no Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/02/2023 11:02:48

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2023 11:03:15

María Corina Porro Martínez na data 15/02/2023 11:03:33

Noelia Pérez López na data 15/02/2023 11:03:46

López Sánchez, Rosalía na data 15/02/2023 11:04:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2023 11:15:20
Nº Rexistro: 49934
Data envío: 15/02/2023 11:15:20.691

José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2023 11:04:12

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 15/02/2023 11:04:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Elena Suárez Sarmiento, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras é unha das sete áreas sanitarias en que se divide o sistema público de saúde galego. O seu territorio coincide co da provincia de Ourense, e divídese en tres distritos sanitarios: o Distrito sanitario de Ourense, ao oeste da provincia, o Distrito sanitario do Barco de Valdeorras ao nordés da provincia, e o Distrito sanitario de Verín ao sueste.

O Distrito sanitario de Ourense abrangue os seguintes concellos: Allariz, Amoeiro, A Arnoia, Avión, Baltar, Bande, Baños de Molgas, Barbadás, Beade, Beariz, Os Blancos, Boborás, A Bola, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, O Carballiño, Cartelle, Castrelo de Miño, Castro Caldelas, Celanova, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Coles, Cortegada, Entrimo, Esgos, Gomesende, O Irixo, Leiro, Lobeira, Maceda, Maside, Melón, A Merca, Montederramo, Muíños, Nogueira de Ramuín, Ourense, Paderne de Allariz, Padrenda, Parada de Sil, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Piñor, Pontedeva, Porqueira, Punxín, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Ribadavia, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, Sandiás, San Xoán de Río, Sarreaus, Taboadela, A Teixeira, Toén, Trasmiras, Vereá, Vilamarín, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo. Por outra banda, o Distrito sanitario do Barco de Valdeorras esténdese polos concellos do Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Manzaneda, Petín, A Pobra de Trives, A Rúa, Rubiá, A Veiga, Vilamartín de Valdeorras e Viana do Bolo. Por último, os concellos do Distrito sanitario de Verín son Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza, A Mezquita, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós e Vilariño de Conso.

O Goberno galego vén demandando ao Ministerio de Sanidade que non faga oídos xordos ante esta problemática global e tome as medidas necesarias para que exista persoal médico dispoñible para contratar, especialmente nas categorías máis deficitarias.

De feito, Galicia liderou xunto ao País Vasco o Manifesto de conselleiros de Sanidade, no que se insta á adoptar medidas estatais urxentes en materia de atención primaria e ao que se adheriron sete gobernos autonómicos de diversas cores políticas, e que contou co apoio da maioría do Congreso dos Deputados, ata o punto de que constitúe un mandato parlamentario expreso que, a día de hoxe, segue pendente de cumprirse.





Con todo, a Xunta de Galicia non permanece de brazos cruzados e, no ámbito das súas competencias, está a adoptar medidas que buscan contribuír á solución desta problemática: Desde incrementar aínda máis o investimento en sanidade pública (hoxe a Xunta conta co orzamento máis elevado da súa historia neste ámbito); ata iniciativas en materia de xestión do persoal e de promoción e desenvolvemento da carreira profesional; e iniciativas tamén no ámbito lexislativo, na procura de incrementar a oferta de prazas estables de persoal médico e pediatra, con especial atención a aqueles centros de saúde e hospitais comarcais, que presentan maiores dificultades de cobertura de vacantes.

A falta de reformas estruturais no sistema por parte do Goberno de España segue a causar que, cada ano, milleiros de graduados en medicina non podan optar a unha praza de formación sanitaria cando o Sistema Nacional de Saúde lles necesita con urxencia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que demandas concretas traslada a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas estatais dirixidas a que exista persoal médico dispoñible para contratar?
- 2.- Que iniciativas concretas impulsou o Goberno galego para contribuír, no ámbito das súas competencias, a solucionar a problemática de déficit de persoal médico?
- 3.- Que resultados concretos acadaron -na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras- os procesos de estabilización impulsados pola Xunta en prazas do persoal médico de centros de saúde e hospitais?
- 4.- Que resultados concertos acadou - na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras - os concursos impulsados pola Xunta e destinados á provisión de prazas de difícil cobertura que, ata o de agora, quedaban vacantes ano tras ano nos concursos de traslados e nas ofertas públicas de emprego?
- 5.- Que outras iniciativas ten previsto impulsar o Goberno galego co obxecto de incrementar o número de profesionais sanitarios no Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/02/2023 11:05:22

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2023 11:05:45

María Corina Porro Martínez na data 15/02/2023 11:06:06

Noelia Pérez López na data 15/02/2023 11:06:21

López Sánchez, Rosalía na data 15/02/2023 11:06:36

José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2023 11:06:48

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 15/02/2023 11:07:02





Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Elena Suárez Sarmiento, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos é unha das sete áreas sanitarias en que se divide o sistema público de saúde galego. O seu territorio coincide co da provincia de Lugo, e divídese en tres distritos sanitarios: o Distrito sanitario de Lugo, no centro da provincia, o Distrito sanitario da Mariña ao norte da provincia, e o Distrito sanitario de Monforte de Lemos ao sur.

O Distrito sanitario de Lugo abrangue os seguintes concellos: Abadín, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Becerreá, Begonte, Castro de Rei, Castrolande, Cervantes, O Corgo, Cospeito, A Fonsagrada, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lugo, Meira, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, Pol, A Pontenova, Portomarín, Rábade, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, Taboada, Triacastela, Vilalba e Xermade. Por outra banda, o Distrito sanitario da Mariña esténdese polos concellos de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove. Por último, os concellos do Distrito sanitario de Monforte de Lemos son Bóveda, Carballedo, Chantada, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober.

O Goberno galego vén demandando ao Ministerio de Sanidade que non faga oídos xordos ante esta problemática global e tome as medidas necesarias para que exista persoal médico dispoñible para contratar, especialmente nas categorías máis deficitarias.

De feito, Galicia liderou xunto ao País Vasco o Manifesto de conselleiros de Sanidade, no que se insta á adoptar medidas estatais urxentes en materia de atención primaria e ao que se adheriron sete gobernos autonómicos de diversas cores políticas, e que contou co apoio da maioría do Congreso dos Deputados, ata o punto de que constitúe un mandato parlamentario expreso que, a día de hoxe, segue pendente de cumprirse.



Con todo, a Xunta de Galicia non permanece de brazos cruzados e, no ámbito das súas competencias, está a adoptar medidas que buscan contribuír á solución desta problemática: Desde incrementar aínda máis o investimento en sanidade pública (hoxe a Xunta conta co orzamento máis elevado da súa historia neste ámbito); ata iniciativas en materia de xestión do persoal e de promoción e desenvolvemento da carreira profesional; e iniciativas tamén no ámbito lexislativo, na procura de incrementar a oferta de prazas estables de persoal médico e pediatra, con especial atención a aqueles centros de saúde e hospitais comarcais, que presentan maiores dificultades de cobertura de vacantes.

A falta de reformas estruturais no sistema por parte do Goberno de España segue a causar que, cada ano, milleiros de graduados en medicina non podan optar a unha praza de formación sanitaria cando o Sistema Nacional de Saúde lles necesita con urxencia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que demandas concretas traslada a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas estatais dirixidas a que exista persoal médico dispoñible para contratar?
- 2.- Que iniciativas concretas impulsou o Goberno galego para contribuír, no ámbito das súas competencias, a solucionar a problemática de déficit de persoal médico?
- 3.- Que resultados concretos acadaron -na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos- os procesos de estabilización impulsados pola Xunta en prazas do persoal médico de centros de saúde e hospitais?
- 4.- Que resultados concertos acadou -na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos- os concursos impulsados pola Xunta e destinados á provisión de prazas de difícil cobertura que, ata o de agora, quedaban vacantes ano tras ano nos concursos de traslados e nas ofertas públicas de emprego?
- 5.- Que outras iniciativas ten previsto impulsar o Goberno galego co obxecto de incrementar o número de profesionais sanitarios no Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/02/2023 11:08:40

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2023 11:09:00

María Corina Porro Martínez na data 15/02/2023 11:09:21

Noelia Pérez López na data 15/02/2023 11:09:35

López Sánchez, Rosalía na data 15/02/2023 11:09:52

José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2023 11:10:02

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 15/02/2023 11:10:32





Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Elena Suárez Sarmiento, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A área sanitaria de Pontevedra e O Salnés é unha das sete áreas sanitarias en que se divide o sistema público de saúde galego. Divídese en dous distritos sanitarios: a meirande parte do territorio ocúpa o Distrito sanitario de Pontevedra, salvo no noroeste da área, onde se atopa o Distrito sanitario do Salnés.

O Distrito sanitario de Pontevedra abrangue os seguintes concellos da provincia de Pontevedra: Barro, Bueu, Caldas de Reis, Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Forcarei, O Grove, A Lama, Marín, Meaño, Meis, Moraña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, Portas, Sanxenxo, Soutomaior e Vilaboa. Pola súa banda, o Distrito sanitario do Salnés esténdese polos concellos de Cambados, Catoira, A Illa de Arousa, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

O Goberno galego vén demandando ao Ministerio de Sanidade que non faga oídos xordos ante esta problemática global e tome as medidas necesarias para que exista persoal médico dispoñible para contratar, especialmente nas categorías máis deficitarias. De feito, Galicia liderou xunto ao País Vasco o Manifesto de conselleiros de Sanidade, no que se insta á adoptar medidas estatais urxentes en materia de atención primaria e ao que se adheriron sete gobernos autonómicos de diversas cores políticas, e que contou co apoio da maioría do Congreso dos Deputados, ata o punto de que constitúe un mandato parlamentario expreso que, a día de hoxe, segue pendente de cumprirse.

Con todo, a Xunta de Galicia non permanece de brazos cruzados e, no ámbito das súas competencias, está a adoptar medidas que buscan contribuír á solución desta problemática:

Desde incrementar aínda máis o investimento en sanidade pública (hoxe a Xunta conta co orzamento máis elevado da súa historia neste ámbito); ata iniciativas en materia de xestión do persoal e de promoción e desenvolvemento da carreira profesional; e iniciativas tamén no ámbito lexislativo, na procura de incrementar a oferta de prazas estables de persoal médico e pediatra, con especial atención a aqueles centros de saúde e hospitais comarcais, que presentan maiores dificultades de cobertura de vacantes.



A falta de reformas estruturais no sistema por parte do Goberno de España segue a causar que, cada ano, milleiros de graduados en medicina non podan optar a unha praza de formación sanitaria cando o Sistema Nacional de Saúde lles necesita con urxencia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que demandas concretas traslada a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas estatais dirixidas a que exista persoal médico dispoñible para contratar?
- 2.- Que iniciativas concretas impulsou o Goberno galego para contribuír, no ámbito das súas competencias, a solucionar a problemática de déficit de persoal médico?
- 3.- Que resultados concretos acadaron -na área sanitaria de Pontevedra e o Salnés- os procesos de estabilización impulsados pola Xunta en prazas do persoal médico de centros de saúde e hospitais?
- 4.- Que resultados concertos acadou -na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés- os concursos impulsados pola Xunta e destinados á provisión de prazas de difícil cobertura que, ata o de agora, quedaban vacantes ano tras ano nos concursos de traslados e nas ofertas públicas de emprego?
- 5.- Que outras iniciativas ten previsto impulsar o Goberno galego co obxecto de incrementar o número de profesionais sanitarios no Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/02/2023 11:11:27

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2023 11:11:49

María Corina Porro Martínez na data 15/02/2023 11:12:10

Noelia Pérez López na data 15/02/2023 11:12:23

López Sánchez, Rosalía na data 15/02/2023 11:12:35

José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2023 11:12:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2023 11:16:26
Nº Rexistro: 49937
Data envío: 15/02/2023 11:16:26.021

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 15/02/2023 11:12:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-K4XROAloz-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e a gataformela (*Circus cyaneus*) son especies amparadas pola Directiva Aves (79/409/CEE). Están incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas coa categoría de “vulnerábel”, o que ao abeiro do Decreto 88/2007 e da lei 5/2019 obriga á Xunta a aprobar e desenvolver un Plan de conservación e ao establecemento de medidas que permitan preservar, manter e restablecer as poboacións naturais, facéndoas viábeis.

No ano 2021 a consellaría de medio ambiente contratou o servizo para a avaliación do estado de conservación da tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e a gataformela (*Circus cyaneus*) nas principais áreas de reprodución de Galiza. Este estudo incluía a avaliación do estado poboacional de ambas especies, incluíndo unha comparación dos resultados actuais cos obtidos nos anos 2008-2009 e unha valoración dos factores de ameaza para a conservación de ambas especies.

Segundo algúns datos que se fixeron públicos , as poboacións destas especies sufriron un forte retroceso nos últimos 12 anos, que se cifra nun 60%. As causas deste descenso poboacional teñen que ver coa progresiva desaparición dos seus hábitats debido a plantacións forestais, actividades gandeiras intensivas e proliferación de parques eólicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nas Declaracións de Impacto Ambiental de algúns proxectos de parques eólicos faise referencia ás áreas de distribución destas especies, mais chama a atención que transcorridos 15 anos desde a aprobación do Decreto 88/2007 polo que se regula o Catálogo de Especies Ameazadas de Galiza aínda non se aprobaran os correspondentes plans de recuperación. Esta actitude da consellaría de medio ambiente pon de manifesto un evidente desleixo, a absoluta desprotección de especies en réxime de protección especial e o incumprimento das obrigas establecidas na lexislación vixente. A este respecto cómpre sinalar que hai abertos expedientes da Comisión Europea en relación coa deficiente protección de hábitats e especies no estado español en xeral e en Galiza en particular.

A tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) foi escollida ave do ano 2023 por medio dunha votación popular convocada pola organización SEO/BirdLife. Esta escolla debería ser un bo pretexto para levar a cabo accións relativas á súa conservación e protección.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten previsto a Xunta dar a coñecer os estudos sobre avaliación do estado de conservación da tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e a gatafornela (*Circus cyaneus*) nas principais áreas de reprodución de Galiza?

Vai o goberno galego enviar ao parlamento a documentación solicitada en relación cos estudos sobre avaliación do estado de conservación da tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e a gatafornela (*Circus cyaneus*) nas principais áreas de reprodución de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta iniciar de maneira inmediata a tramitación dos plans conservación da tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e a gataformela (*Circus cyaneus*)?

Vai o goberno galego aprobar de maneira urxente unha orde que estableza un rexime preventivo de protección da tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e a gataformela (*Circus cyaneus*)?

Considera de interese o goberno galego levar a cabo unha campaña divulgativa sobre estas especies, e nomeadamente sobre a tartaraña cincenza polo feito de resultar escollida como ave do ano 2023?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2023 11:34:46

Paulo Ríos Santomé na data 15/02/2023 11:34:50

Alexandra Fernández Gómez na data 15/02/2023 11:34:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as actuación que vai executar o goberno galego no peirao de Camposancos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG xunto coa veciñanza da Guarda, levan anos esixindo solucións para os problemas que presenta o ferry de Camposancos, entre A Guarda e Caminha.

Estamos a falar dun servizo de transporte que leva anos esquecido, e que a pesar de ter un potencial inmenso para a veciñanza das dúas marxes do Miño, fica sen iniciativa algunha que o convertan no gran eixo de comunicación entre ambas vilas que podería ser.

O BNG leva proposto en varias ocasións que se leven adiante iniciativas para recuperar este transporte e convertelo no medio áxil, moderno e eficaz que demanda a veciñanza. Mais alén destas propostas, a situación do ferry é cada día peor.

Parálise durante longas tempadas, travesía por unha cauce imposíbel e, horarios indeterminados cuxa regularidade depende das mareas, converten este transporte nun medio de carácter testemuñal, mais sen eficacia algunha para unha mobilidade moderna e atractiva.

Nos últimos orzamentos da Xunta aparece recollida unha partida de 250.000 € para arranxar os problemas na estrutura do peirao que impiden o atraque do ferry. Mais





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o problema é que a veciñanza non deixa de amosar a súa preocupación porque nesta partida non se contempla actuar sobre a necesidade real da veciñanza, que non é outra que avanzar nun medio de comunicación estable e permanente que permita conformar a eurocidade A Guarda-Caminha.

Dende o BNG entendemos que sendo esta estrutura imprescindible para o futuro da Guarda, nin a partida contemplada nin o que se vai coñecendo do proxecto, semellan unha alternativa real para a demanda da veciñanza, polo que formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten o goberno galego elaborado ou definido xa o proxecto para levar adiante a obra anunciada no Peirao de Camposancos?

Está esta actuación encamiñada a construír un transporte fluvial estábel e permanente entre A Guarda e Camiña?

Sabe a Xunta de Galiza do estado de conservación da embarcación, Ferryboat Santa Rita de Cássia?

Ten o goberno galego verificado se esta embarcación reúne as condicións necesarias para volver navegar?

Atópase o peirao nas condicións necesarias para que poida atracar nel outro tipo de embarcación apta para navegar con marea baixa e realizar o servizo de transporte entre A Guarda e Caminha con frecuencias regulares e estruturadas (e non marcados polas mareas)?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/02/2023 11:58:37

Paulo Ríos Santomé na data 15/02/2023 11:58:50



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A creación en Ferrol dun Centro Tecnolóxico que investigue sobre enerxías mariñas e enerxía eólica *offshore*, promovido polas administracións públicas (Goberno de España, Xunta de Galicia, deputación e concello) xunto ás empresas do sector naval e enerxético de Galicia foi unha reivindicación expresada polos membros do Foro Enerxético de Galicia en setembro de 2019 despois de realizar unha análise das posibles localizacións, concluindo que Ferrol é o punto máis axeitado para esta infraestrutura debido a que xa existe unha infraestrutura como o edificio Centro de Investigación e Servizos da Cabana, que podería albergar inicialmente as actividades, sen precisar dun gasto elevado inmediato; que a comarca de Ferrolterra dispón dunha ampla liña de costa, polo que non se precisarían grandes desprazamentos para a reprodución das condicións reais de mareas, ondas, ventos e pola proximidade do Porto Exterior de Punta Langosteira, na Coruña; ademais de existir unha infraestrutura de investigación moi consolidada, como son as escolas de enxeñería de Esteiro, os graos universitarios e mestrados de enxeñería eléctrica, enxeñería industrial, enxeñería naval e enerxías renovables, que son referentes nacionais en docencia e a existencia dunha infraestrutura de referencia como o Canal de Experiencias Hidrodinámicas do Campus de Esteiro, así como o *know how* neste tipo de instalacións adquirido durante os últimos anos por parte das factorías de Navantia en Fene e Ferrol e a potente infraestrutura de empresas auxiliares, servizos de enxeñería e un sector empresarial centrado neste tipo de tecnoloxías.

O 22 de decembro de 2021 o alcalde de Ferrol, Ángel Mato, reuniuse coa directora xeral de Planificación Enerxética da Xunta de Galicia, Paula Uría, e coa directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN), Patricia Arguerey, para presentarlle as conclusións do estudo promovido polo concello para a creación dun *hub* de eólica mariña na cidade; e na que se acordou traballar nunha folla de ruta en colaboración con empresas e elaborar un plan de incentivos e axudas, ademais de crear un centro de innovación e investigación no CIS da Cabana para avanzar en tecnoloxías relacionadas coa xeración eólica *offshore*, acordando aproveitar o impulso da eólica mariña en Ferrol para beneficio do sector industrial de Galicia; fixando unha nova reunión para xaneiro co fin de que a Xunta de Galicia presentase un documento coas liñas mestras do proxecto *hub*.



O 27 de xaneiro de 2022 na información aos medios que colga a Xunta sobre os acordos do Consello da Xunta de Galicia infórmase de que “este ano o Goberno galego prevé a posta en funcionamento dun polo de emprendemento no rural” no concello de Ferrol e nas declaracións feitas polo expresidente Feijóo despois da reunión do Goberno galego, avalaba este compromiso.

O 21 de decembro de 2022 a Comisión Europea aprobou o programa de Transición Xusta de España, que inclúe o Plan Territorial de Transición Xusta, coas tipoloxías de actuacións elixibles para executar os 868 millóns de euros (a Galicia correspóndenlle 111.380.018€), dos que o 96 % será xestionado polas comunidades autónomas. Entre os exemplos de actuacións que se van desenvolver en cada territorio acordado entre as distintas administracións, cítase como apoio á descarbonización da industria, entre outros, a creación dun polo de I+D en renovables mariñas e almacenamento.

O 4 de xaneiro deste ano, o Concello-Pleno do Concello de Ferrol, por instancia do seu alcalde, acordan unha declaración institucional en defensa da instalación en Ferrol do polo I+D en enerxías renovables, mariñas e almacenamento que se vai crear no marco do Fondo de Transición Xusta anunciado o 21 de decembro polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) O Goberno galego cando vai poñer en marcha o polo de I+D en enerxías renovables e almacenamento?
- 2ª) Ante as declaracións do conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, vai ser Ferrol o emprazamento para radicar este polo?
- 3ª) De non ser así, que emprazamento está barallando o Goberno galego e cales son as razóns que o xustifican?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/02/2023 13:07:02

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/02/2023 13:07:17





Martín Seco García na data 15/02/2023 13:07:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2009 Galicia contaba con 47.394 explotacións gandeiras, 13 anos despois, a apatía e o desleixo dos gobernos do PP reducían o seu número a 27.663. Resumindo, o paso de Feixóo polo goberno da Xunta deixa un balance de 20.000 explotacións menos. **No ano 2021 perdemos 1.600 e no 2.022 foron 344 soamente de leite.**

Segundo datos do Informe sobre *Estructuras y Sistemas de Alimentación de las Explotaciones Lecheras*, que se fixo no decurso dun proxecto de investigación entre os centros públicos de Galiza (CIAM) e a Cornixa (SERIDA de Asturias; CIFA de Cantabria, NEIKER de Euskadi e INITIA de Navarra, Galicia contaba nese 2013-2014 con arredor de 11.700 explotacións de leite. Segundo os datos do pasado ano 2022 esta cifra baixaba á 6.400 e en continuado declive.

Unha das preguntas deste inquérito ía dirixida a coñece-la existencia de sucesión asegurada nas explotacións onde as persoas titulares tiñan máis de 55 anos ou ben manifestaban que ían cesar no sector. Este grupo de titulares con máis de 55 anos resultou ser en Galicia de 4.794 granxas (un 41% do total das 11.700). Nos resultados





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deste apartado do inquerito **só unha de cada dúas** granxas coa persoa titular de 55 ou máis anos ou que tiñan a intención de cesar no sector **tiña a sucesión asegurada**).

Cabe deducir, así, a bote pronto, que se trata dunha actividade en declive por motivos económicos, pola súa escasa rendibilidade. Non é así, o sector leiteiro, a pesar dos vaivéns do mercado e da problemática xerada polo uso da Distribución do produto coma reclamo comercial, mantense estable e con rendementos aceptables.

Non acontece así co sector de vacún de carne e as súas case 20.000 explotacións. Este número inclúe as pequenas granxas de menos de 10 vacas nutrices que complementan economías familiares e proporcionan carne de excelente calidade xeralmente en extensivo, moitas veces coma resultado do abandono de granxas de maior porte.

Este sector de vacún de carne sofre o maltrato da Administración autonómica no tocante a prezos e axudas cunha clara inclinación das políticas da Consellería a facilita-la súa desaparición a favor dos cebadeiros e das granxas máis dimensionadas.

A reestruturación agraria en Galicia fíxose así, **a golpe de abandono** e coa intencionada ausencia de medidas que ordenasen a propiedade e o seu uso, mobilizasen terra agraria, planificasen e promocionasen a actividade agrogandeira e mostrasen a intención de moderniza-lo sector primario.

E os resultados están á vista: SAU ridícula.

A meirande parte das explotacións que pechan a súa actividade fano por falta de sucesión, que aínda sendo rendibles, os sucesores en liña familiar non se senten atraídos pola xestión .





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E temos un problema. Porque a cada explotación que pecha en zona de actividade leiteira ou cárnica, a súa base territorial é absorbida por arrendamentos de palabra, cedida a outros gandeiros ou plantada ilegalmente a eucalipto, exceptuando as leiras próximas á vivenda.

A medida que diminúe o número de explotacións deteriórase a xestión do territorio e empobrécese a sociedade rural, os servizos públicos, sanidade, educación..., deterioranse e o rural morre.

Son múltiples as posibles causas que levan a esta situación, sendo a volatilidade dos prezos, a dependencia dos concentrados, incerteza do futuro, a ausencia ou mala calidade de servizos, o escaso prestixio da profesión de labrego ou gandeiro, a falta de días libres...

Por outra banda desde o goberno galego non hai políticas decididas de mobilidade de terra agraria, de apoio a novos proxectos agrogandeiros, de protección das terras con potencial agrícola... e isto lévanos a un envellecemento progresivo da poboación e ó abandono da actividade rural.

A Lei de Recuperación da Terra Agraria prevía a creación dun Banco de Explotacións “...que sería un instrumento público de mediación e coa finalidade de facilita-la posta en contacto entre titulares de explotacións que, voluntaria ou forzosamente, abandonan a actividade (e que, por tanto, non acrediten a súa continuidade e recibisen axudas públicas no período de tempo inmediatamente anterior ao abandono da actividade), e persoas interesadas en incorporarse a elas, co obxectivo de garantir a continuidade das explotacións e así loitar contra o seu desmantelamento e o abandono das terras que as conforman.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao respecto, faise preciso que sexa o Goberno galego o que fomenta a súa difusión, sobre todo, entre aqueles potenciais beneficiarios, isto é, actuais titulares próximos á xubilación e que non contan con relevo e posibles futuros beneficiarios de explotacións...”

Así rezaba o eixo central do argumentario da PNC do Grupo Popular 21.526 da presente XI Lexislatura do Parlamento de Galicia e que foi aprobado por unanimidade o seu acordo en sesión da Comisión 7ª do día 5-11-2021 que dicía:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover a difusión e coñecemento do Banco de Explotacións Agrarias entre os seus posibles beneficiarios”

Mais unha cousa é predicar e outra dar trigo, que di o refrán, e coma neste caso, a asunción da teoría na LRTA de Galicia non implica compromiso serio de pórlle remedio ó problema coma é o caso. E deste xeito, pasado un ano ben cheo desde o acordo parlamentario, do Banco de Explotacións nada se sabe excepto unha páxina cun mapa sen datos, un teléfono que non funciona e ninguén que desde a Consellería poida dar razón da súa existencia.

E para corroborar as nulas intencións neste sentido da Consellería, na última resolución dos *plans de mellora nas explotacións agrarias, á creación de empresas por parte de agricultorxs mozs e ao desenvolvemento de pequenas explotacións*, quedaron sen axuda un bo número de pequenas e medianas explotacións que cumprían cos requisitos esixidos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

--Ten previsto a Consellería algún plan especial para frear a continuada perda de explotacións por falta de relevo?

--Como xustifica a inexistencia, logo de 15 meses desde o acordo parlamentario, do Banco de Explotacións Agrarias ?

--Cal é a razón pola que non dota as OACs co persoal axeitado para a divulgación e posta en marcha do Banco de Explotacións, das medidas de mobilidade previstas na LRTA e para facer un asesoramento integral ás actividades agrícolas e gandeiras, de transformación e comercialización agrarias?

--De que maneira pensa facer estas funcións de aconsellamento ?

--Considera a Consellería que a nova convocatoria dos plans de mellora nas explotacións agrarias, á creación de empresas por parte de agricultorxs mozxs e ao desenvolvemento de pequenas explotacións sen ter publicado a Resolución da anterior é unha práctica administrativa normal ?

--A que se debeu esta anormalidade ?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/02/2023 13:28:32

María González Albert na data 15/02/2023 13:28:36

María del Carmen Aira Díaz na data 15/02/2023 13:28:46





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A parroquia de Bemil, en Caldas de Reis, é un de tantos casos nos que o desleixo da Xunta de Galicia ten sen afrontar a concentración parcelaria que é unha evidente necesidade e que xa foi recoñecida como tal dende hai tempo. As promesas constantes levan caendo no baleiro durante anos, e incluso as emendas presentadas polo grupo socialista no Parlamento de Galicia que demandan partidas específicas para esta parcelaria desta parroquia son sistematicamente rexeitadas e votadas en contra polo Partido Popular, que impide dende hai anos que se leve a cabo esta intervención.

En recentes datas, e coa proximidade das eleccións municipais, diversos cargos das estruturas do goberno de Galicia dos que son designados de maneira directa, acudiron a unha xuntanza con veciños desta parroquia na que pretenderon explicar a futura evolución desta parcelaria, que novamente volveron a comprometer como nas anteriores ocasións en que logo quedou sen facer.

Nesta xuntanza á que acudiron membros do goberno de Galicia non foron invitados formalmente representantes institucionais do Concello de Caldas, nin sequera o propio Alcalde de Caldas de Reis, o que supón unha vulneración da máis mínima cortesía institucional e que constitúe unha actitude censurable. Mais se aínda isto foi así, a realidade é que si foi convidado o candidato do Partido Popular á Alcaldía de Caldas de Reis. Non foi convidado tampouco na súa condición de deputado do Parlamento de Galicia, pois existen outros



deputados da mesma circunscrición que deberían telo sido igualmente, de ser esa a explicación, e tampouco ocorreu.

Este burdo intento de promoción dun candidato utilizando medios institucionais do goberno de Galicia resulta obsceno e, a todas luces, unha utilización partidista das responsabilidades institucionais. Por riba desta situación, os membros do goberno adicaron esforzos na xuntanza á loubar as accións positivas que tal persoa desenvolveu para conseguir o que, segundo foi anunciado, esta vez será o impulso definitivo para afrontar esta parcelaria que, lembremos, non ten asignada partida orzamentaria porque foi rexeitada no Parlamento de Galicia co voto, entre outros, do citado deputado.

Dados os anuncios que se pretenderon facer, a pesares de que a veciñanza da parroquia ten moi presente o desleixo vivido nos últimos anos, e o intento de utilización dunha representación institucional para un fin partidista, resulta imprescindible que o goberno ofrezca as explicacións que contribúan a esclarecer o sucedido e a ter previsión das medidas que se van tomar para impulsar definitivamente a parcelaria de Bemil.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que compromiso pode garantir o goberno de Galicia en termos de prazos de execución e dotación orzamentaria para afrontar definitivamente a concentración parcelaria de Bemil?
2. Por que o goberno de Galicia evitou convocar aos representantes institucionais do Concello de Caldas cando acudiu a unha xuntanza informativa a ese concello sobre unha actuación a desenvolver nese propio Concello?
3. Por que o goberno de Galicia anuncia agora como real unha actuación na concentración parcelaria de Bemil tras ter votado en contra das





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2023 17:16:03
Nº Rexistro: 49980
Data envío: 15/02/2023 17:16:03.890

emendas específicas que dotaban orzamentariamente a partida necesaria para afrontar esta intervención?

4. Que xustifica que fose convidado un candidato á Alcaldía dunhas eleccións municipais a unha xuntanza explicativa do goberno de Galicia a un colectivo veciñal?

Santiago de Compostela, 15 de Febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/02/2023 17:09:39

Martín Seco García na data 15/02/2023 17:09:47

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/02/2023 17:09:59

CSV: BOPGDSPG-K4XROAloz-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
181755

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O Goberno de España dedicou máis de 20.000 millóns de euros no ano 2022 para aliviar a situación financeira de empresas e familias ante a suba da inflación, con medidas como a bonificación do prezo dos combustibles, o desconto no transporte público, a extensión dos bonos sociais térmico e eléctrico ou as rebaixas do IVE. De feito, un informe realizado polo Instituto de Estudos Fiscales calcula que este escudo social permitiu aforrar a cada persoa en España unha media de 300 euros e reducir a fenda de desigualdade. A protección das persoas é relevante ante o crecemento de prezos, especialmente ante o dos alimentos, enerxía ou vivenda, entre outros.

O apoio ás persoas e ás familias é fundamental para tentar manter á súa capacidade adquisitiva en momentos de dificultades e os gobernos deben primar esa protección aos máis vulnerables cos recursos públicos existentes. Por iso convén respaldar as medidas que permiten aumentar os ingresos nominais das persoas para respaldar a capacidade adquisitiva. En Galicia máis dun millón de persoas ven aumentar os seus ingresos mensuais pola batería de medidas do Goberno de España para o 2023. En primeiro lugar, o incremento das pensións contributivas nun 8.5 % a 682.000 galegos e galegas. En segundo lugar a suba das pensións non contributivas a 37.000 galegos e galegas. En terceiro lugar, o incremento plurianual dos salarios dos traballadores e traballadoras públicas, na contorna dos cento cincuenta mil en Galicia. En cuarto lugar, o incremento do SMI ata os 1080 euros que afecta a uns 137.000 traballadores e traballadoras galegas. En quinto lugar o incremento do Ingreso Mínimo Vital que afecta a unhas 25.000 familias galegas. Por outra banda, a isto cabería engadir o ingreso de 200 euros para as rendas máis baixas.



Ante unha situación na que a metade das familias galegas din ter dificultades para chegar a fin de mes, cómpre recoñecer ese paquete de medidas do Goberno do Estado á vez que comprometerse nesa senda para seguir avanzando.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Valora positivamente o Goberno galego a suba de pensións contributivas e non contributivas, a suba do salario mínimo interprofesional, a suba dos salarios públicos e a suba do ingreso mínimo vital?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/02/2023 17:51:21

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/02/2023 17:51:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas a tomar para reducir a sinistrabilidade e garantir a seguridade vial na PO- 841.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na estrada de titularidade autonómica PO-841 (A Estrada-Santiago), existe un tramo cunha moi alta sinistrabilidade á altura de Baloira. Nesta zona existe unha longa recta, na que os vehículos circulan a altas velocidades, tanto de baixada como de subida. En dirección a Santiago ten unha forte pendente e en dirección de subida á Estrada ten dous carrís. No medio desta recta está situada unha intersección moi perigosa coñecida como “cruce de Baloira”.

Este perigoso cruce dá acceso ás parroquias de San Xiao de Veá, San Xurxo de Veá, Santo André de Veá, así como a Pontecesures, a través da PO-214, situada a poucos metros.

Desde o BNG consideramos que os veciños e veciñas de San Xiao de Veá, San Xurxo de Veá e Santo André de Veá, así como os que se dirixen a Cesures, non teñen por que xogarse a vida cruzando os tres carrís da PO-841 (A Estrada-Santiago) en Baloira. En ambos sentidos rexístranse altas velocidades que pon en perigo a seguranza dos usuarios e usuarias da vía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste tramo xa se rexistraron accidentes de distinta consideración, de tal xeito que un medio de comunicación local contabilizou sete accidentes en apenas seis meses, do último aínda están sen reparar os quitamedos estragados no “cruce de Baloira”.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego xa ten presentado iniciativas demandándolle á Xunta accións para resolver esta alta sinistrabilidade no tramo, sen que se teñan realizado, agás a aplicación dunha mínima rugosidade na capa de rodadura na pendente. Entendemos que xa son horas de que a Xunta, titular da PO-841, poña solución a este problema, atendendo así as queixas e demandas tanto d@s veciñ@s destas parroquias que teñen que facer uso dese cruce, como dos centos de usuarios e usuarias do concello da Estrada , que utilizan a diario este vial.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

A que agarda a Xunta de Galiza para tomar todas as medidas precisas para a mellora da seguranza viaria e a mobilidade peonil na estrada PO - 841 (A Estrada-Santiago), tanto na longa recta como pendente e intersección existente á altura do coñecido como “cruce de Baloira”?

Parécelle razoábel á Xunta de Galiza o nivel de sinistrabilidade que se produce no tramo da PO – 841 á altura do “cruce de Baloira” e pendente existente cara a Estrada?

Vai actuar para deixar de poñer en risco tanto @s veciñ@s das parroquias que teñen que facer uso deste cruce, como dos centos de usuarios e usuarias do concello da Estrada , que utilizan a diario este vial?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/02/2023 09:21:38

Paulo Ríos Santomé na data 16/02/2023 09:21:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a implementación de cláusulas de igualdade nos procesos de contratación pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Malia existir un acordo unánime do Parlamento de Galiza desde marzo de 2019 para que a Xunta de Galiza impulsase as medidas oportunas á fin de incorporar aos procesos de contratación pública, cláusulas de igualdade, nada ten mudado ao respecto desde aquela.

Neste senso, Galiza fica á marxe dos avances normativos que se foron impulsando nos últimos anos na maior parte das comunidades autónomas e tamén na normativa europea que non só avalan senón que esixen a introdución de criterios que garantan o respecto dos dereitos das mulleres e promovan a igualdade.

Cómpre lembrar que a administración pública no seu conxunto e, aínda máis, a Xunta de Galiza, cumpre un papel fundamental como compradora de bens e servizos e é desde ese rol, desde o que pode incidir de maneira significativa na realidade.

A contratación pública é unha actividade económica relevante da que dependen moitas persoas que traballan en empresas privadas subministradoras da administración e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

adxudicatarias de contratos públicos polo que o cumprimento das súas obrigas laborais e sociais é unha cuestión que debe ser verificada polos poderes públicos.

Urxen pois mudanzas normativas que amporen a introdución de cláusulas de igualdade mais tamén códigos de contratación pública social e ambientalmente responsábeis, entre outros.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª :

Que medidas adoptou ou vai adoptar a Xunta de Galiza para introducir cláusulas de igualdade e sociais na contratación pública?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/02/2023 10:18:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 16/02/2023 10:18:48

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/02/2023 10:19:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Confraría de Noia vén de facer públicos no día de onte os datos de mortalidade de marisco nas súas concesións: 81% de berberecho, 54% de ameixa xapónica, principais especies ás que se adica a Confraría, e 77% de cría de berberecho, cantidade esta última especialmente dramática porque pode poñer en risco xa non o que queda da actual campaña, senón a vindeira a desenvolver entre 2023 e 2034.

Tamén vén de dar a coñecer as causas desa mortalidade descomunal, certificadas pola asistencia técnica da entidade en colaboración coa bióloga de zona: A prolongada baixa salinidade da auga, con niveis do 0%, nos seus bancos marisqueiros. Unha baixa ou inexistente salinidade da auga que coincide cos períodos de intensas precipitacións vividos a finais de 2022 e principios deste ano e aos que se suma a apertura do encoro do Tambre.

Tal é a situación, que a propia Confraría, por unanimidade da súa Xunta Xeral, cualifícaa de catastrófica e solicita á Xunta de Galiza un paro biolóxico subvencionado por un período de dous meses.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas circunstancias prodúcense nunha campaña que está a ser especialmente dura para a Confraría de Noia e para os seus mariscadores e mariscadoras. Ao seu comezo, os bancos xa se viron afectados pola toxina, o que retrasou o comezo da campaña 2002-23 máis de tres semanas.

A marea vermella incidiu dun xeito notábel no baixo rendemento do berberecho, e isto trouxo consigo prezos máis baixos e un descenso na facturación de máis de 4 millóns de euros e, polo tanto, unha merma dos ingresos dos mariscadores e mariscadoras.

A inactividade iniciada após as datas de nadal xa dura máis dun mes e as previsións da Confraría eran reiniciala o vindeiro día 20, mais esta gravísima caída de produción e o estado dos bancos impídenlle facelo.

A Xunta Xeral da Confraría de Noia, avalada, ademais de pola evidencia, polos informes técnicos considera que o paro biolóxico que solicitan á Xunta de Galiza está máis que xustificado, sobre todo se se ten en conta que é fundamental chegar á vindeira campaña cos bancos marisqueiros nas mellores condicións.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que valoración fai o Goberno galego da actual situación dos bancos marisqueiros explotados pola Confraría de Noia?

. Considera que a altísima mortalidade de marisco constatada require de medidas de rexeneración dos bancos e de medidas económicas compensatorias para os mariscadores e mariscadoras?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Dada a situación, certificada tecnicamente, vai a Xunta de Galiza a atender a solicitude de paro biolóxico subvencionado durante dous meses da Xunta Xeral da Confraría de Noia?

. Vai contribuír, técnica e economicamente, á recuperación dos bancos marisqueiros das concesión da Confraría de Noia?. De ser así, que medidas vai levar a cabo?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/02/2023 11:45:04

Carmela González Iglesias na data 16/02/2023 11:45:10

Daniel Castro García na data 16/02/2023 11:45:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** sobre a supresión da oficina de Augas de Galiza en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación da relación de postos de traballo da entidade pública empresarial Augas de Galiza implicará a amortización de, cando menos, dous postos de traballo e “de facto” o peche da oficina da entidade en Ourense, pasando a realizarse en Santiago de Compostela os servizos que actualmente se realizan en ou dende Ourense. Non existe dúbida que o afastamento do servizo do lugar vai en detrimento da calidade e da atención do mesmo. Máis unha vez a Xunta de Galiza, ao abeiro dunha inxustificada “racionalización do gasto”, toma decisións claramente prexudiciais para Ourense e a súa cidadanía.

Sen prexuízo das tarefas de tramitación administrativa que poda realizar o persoal da oficina territorial da entidade Augas de Galiza en Ourense realiza tarefas de xestión e control das obras de depuración de augas, limpas e residuais, control de calidade e acompañamento, xestión cos concellos da demarcación de Ourense, así como presta asesoramento a cidadanía, as comunidades de usuarias, como regantes.

O Decreto 32/12, de 12 de xaneiro polo que se aproba o Estatuto de Augas de Galicia establece expresamente como unha das funcións da organización territorial da Entidade “a xestión do rexistro e do servizo de atención ao cidadán”, así como “o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguimento da execución das obras programadas polos servizos centrais de Augas de Galicia e que lles sexan expresamente encomendadas”.

O peche da oficina territorial de Ourense que se pretende “de facto” es pretende executar non só implica unha eliminación do emprego nunha demarcación singularmente afectada pola perda de postos de traballo e consecuentemente de poboación, senón que supón un chanzo máis na supresión e redución nos servizos públicos que recibe a cidadanía de Ourense. A estrutura poboacional de Ourense, a escasa e deficiente implantación das infraestruturas tecnolóxicas obrigarán a maiores desprazamentos para acceder ao servizo que antes se prestaba na oficina de Ourense.

Máis non só a atención directa á cidadanía, senón que as propias obras (menos das necesarias) que en materia de abastecemento e saneamento de augas se están a realizar nos diferentes concellos de Ourense, en moitos casos coa colaboración da propia Entidade Augas de Galiza, xustifican a necesidade do mantemento da oficina territorial para un mellor e máis eficaz control da execución das infraestruturas.

A situación dos sistemas de saneamento de moitos concellos, os problemas de contaminación existentes nalgúns zonas e a súa repercusión tanto económica e social, como de salubridade pública exixen dunha maior implicación de Augas de Galiza, incompatible co peche da oficina de Ourense e o afastamento territorial do servizo, sen que poda servir de escusa unha priorización do actual marco competencial sobre a consideración prestacional do servizos públicos, nin cálculos de custes de persoal, de dubidoso rigor e que, en todo caso, evidencian a consideración que para o Partido Popular ten a cidadanía de Ourense.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta de Galiza modificar a estrutura territorial da Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia prevista no Decreto 32/12?

Considera que o servizo de atención e asesoramento á cidadanía de Ourense que presta a entidade Augas de Galiza se realizaría mellor dende Santiago que en Ourense?

Entende a Xunta de Galiza que a atención directa facilita a comunicación e a transmisión de información?

Ten realizado estudos económicos sobre a repercusión e custes que implica a supresión de postos de traballo pretendida?

Considera, en todo caso, que a situación de conectividade de Ourense e a implantación de infraestruturas de telecomunicacións permite eliminar ou limitar a atención presencial?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/02/2023 11:50:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/02/2023 11:50:21

Xosé Luis Bará Torres na data 16/02/2023 11:50:31



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa reposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A enquisa de poboación activa (EPA) do mes de xaneiro de 2023 pon de manifesto que o 29,7 % dos traballadores/as das administracións públicas en Galicia, unhas 58.000 persoas, teñen un contrato temporal.

A Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público perfilou unha senda de procesos de estabilización de prazas que tivo que seguirse despois no eido autonómico coa Lei autonómica 5/2022, de 21 de decembro.

Pese aos reiterados anuncios por parte da Xunta ao longo do ano 2022 sobre a conversión en fixas de máis de 10.000 prazas de traballadores temporais, ata o 26 de decembro non se publicou no Diario Oficial de Galicia o primeiro proceso de estabilización. Esa convocatoria, que xa tivo que ser modificada por erros, atinxe a 5.647 prazas.

Dado que a lei estatal fixa que as administracións públicas deben reducir a súa temporalidade co obxectivo de situarse nunha taxa máxima do 8 % a finais de 2024, o goberno da Xunta debe actuar de xeito eficiente, para dar solución á problemática de milleiros de traballadores e traballadores que levan anos na administración pública sufrindo a falla de estabilidade.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cal é desenvolvemento dos procesos de estabilización do emprego público na administración pública autonómica para reducir a temporalidade derivados da lei 5/2022 de 21 de decembro?

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro do 2023





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2023 12:59:43
Nº Rexistro: 50061
Data envío: 16/02/2023 12:59:43.474

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/02/2023 12:44:09

Paloma Castro Rey na data 16/02/2023 12:44:21

Pablo Arangüena Fernández na data 16/02/2023 12:44:30

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-K4XROAloz-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Rio, Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

A loita contra a violencia de xénero en tódalas súas formas é unha cuestión de Estado. Por ese motivo, os poderes públicos temos a obriga de actuar firmemente e de maneira unívoca contra calquera manifestación de violencia contra as mulleres, incluída, como non pode ser doutra forma, a sexual.

De feito, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención tratamento integral da violencia de xénero*, recoñece a violencia sexual e os abusos sexuais como unha forma de violencia de xénero e, en consecuencia, artella actuacións para combatela.

Sen embargo, actualmente, atopámonos nun momento onde o consenso e o diálogo deron paso á crispación e á confrontación coa entrada en vigor da *Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual*, coloquialmente coñecida como a Lei do “só si é si”, que introduce unha substancial modificación na cualificación dos delitos contra a liberdade sexual.

Esta polémica norma está a provocar, desde a súa entrada en vigor o pasado mes de outubro, unha excarceración masiva de condenados por delitos sexuais, polo que cómpre unha urxente rectificación sen esquecer o compromiso político, administrativo e social coas vítimas destes delitos, que precisan unha resposta unánime e conxunta.

Unha resposta unánime e conxunta como a que se tentaba dar co acordo entre o Ministerio de Igualdade e as Comunidades Autónomas para poñer en marcha centros de crise de atención ás vítimas de violencia sexual, ao amparo do acordo de Consello de Ministros para o desenvolvemento do *Plan "España te protege (III)"*.

Sen embargo, este acordo non tivo en conta as propostas dos gobernos autonómicos e deixou no aire, incluso, o mantemento e a viabilidade destes futuros recursos. O único





que deixaron claro foi que todos os proxectos obxecto de financiamento deberían rematarse e xustificarse a 31 de decembro de 2023.

A pesares dos atrancos e contradicións, Galicia sempre deixou de manifesto o seu compromiso inequívoco coas vítimas de violencia sexual para prestarlles unha atención integral e continua, as 24 horas do día e os 365 días do ano.

De feito, a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade xa avanzou, na comparecencia a petición propia en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero celebrada o pasado mes de novembro, que Galicia está a traballar firmemente na creación destes centros para poñelos en funcionamento, coas máximas garantías, o antes posible. Polo de agora e respecto das últimas novas anunciadas sobre este asunto, sabemos que se estaba traballando en colaboración coa Consellería de Sanidade para a súa implantación vencellada ás áreas sanitarias galegas.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Cal é o estado actual e os próximos avances dos centros de crise para atender ás vítimas de violencia sexual en Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 16/02/2023 12:37:57

Noelia Pérez López na data 16/02/2023 12:39:07

María Corina Porro Martínez na data 16/02/2023 12:39:47

López Sánchez, Rosalía na data 16/02/2023 12:40:04

José Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2023 12:40:54

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 16/02/2023 12:42:42

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/02/2023 12:45:04



Á Mesa do Parlamento

Manuel Santos Costa, Begoña Freire Vázquez, María Sol Díaz Mouteira, Guadalupe Murillo Solís, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Jose Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez e María Belén Salido Maroño deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

O Goberno de España aprobou o pasado mes de agosto a modificación do Regulamento de Costas, que supón un novo ataque á xestión do litoral e que limita dereitos xa recoñecidos na lexislación de costas existente a través dunha norma de rango menor a unha lei, como é o caso do decreto aprobado polo Executivo.

De feito, esta modificación do regulamento, entre outras cuestións, introduce cambios substanciais que afectan tanto ás concesións de vivendas particulares como ás empresas localizadas en dominio público marítimo terrestre con concesións anteriores á Lei de Costas de 1988. Concretamente, rebaixa a duración das novas concesións de 75 a 30 anos e tamén reduce a 30 anos as prórrogas extraordinarias.

Ante esta situación, a Xunta recorreu no mes de outubro esta modificación ante o Tribunal Supremo ao entender que estes cambios carecen de base e fundamento legal e poñen en perigo ás empresas que operan no litoral. De feito, este recurso foi admitido a trámite polo Tribunal.

Toda esta tramitación coincide coa recente decisión do Tribunal Supremo sobre a situación de Ence en Pontevedra, que decreta que a decisión de prolongar a concesión á pasteira 60 anos máis foi totalmente legal, tanto polos usos que realiza como polo tempo de duración da prórroga.



Tendo en conta o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

- Como afecta o fallo xudicial sobre Ence ao recurso interposto pola Xunta contra a modificación do Regulamento de Costas impulsada polo Goberno de España o pasado verán?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Costa na data 16/02/2023 13:19:27

Freire Vázquez, María Begoña na data 16/02/2023 13:19:53

María Sol Díaz Mouteira na data 16/02/2023 13:20:06

José Manuel Balseiro Orol na data 16/02/2023 13:20:22

María Guadalupe Murillo Solís na data 16/02/2023 13:20:32

Carmen María Pomar Tojo na data 16/02/2023 13:20:55

Ramón Carballo Páez na data 16/02/2023 13:21:21

María Belén Salido Maroño na data 16/02/2023 13:21:42

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/02/2023 13:21:50





Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico. Mais a asistencia sanitaria neses lugares adolece dun cada vez maior desleixo por parte da Consellaría de Sanidade, que leva aos mínimos a atención primaria e non garante a cobertura de profesionais.

Esta política de desatención, que repercute de maneira global en todos os concellos xa que provoca a saturación dos centros de saúde máis próximos, reflíctese tamén na Baña cos servizos de pediatría e matrona.

A pediatra do centro de saúde da Baña dá atención a preto de 250 nenos e nenas de entre 0 e 14 anos (datos do INE de 2019) unicamente os martes e xoves de cada semana. O resto dos días as familias teñen que se desprazar a Mazaricos, a 18 quilómetros. Este servizo, con xornadas insuficientes, leva tempo atopándose con problemas debido a que as vacacións ou días libres da facultativa non son substituídas.

Por outra banda, no concello da Baña levan un ano e medio sen matrona debido a que non cubriron a baixa desta profesional, que está ás portas da súa xubilación, e existe o temor de que xa non cubran máis este servizo fundamental no centro de saúde, co que as mulleres deberán seguir desprazándose a Negreira para seren atendidas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2023 13:34:54
Nº Rexistro: 50076
Data envío: 16/02/2023 13:34:54.224

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1. Vaise eliminar o servizo de matrona no centro de saúde da Baña?
2. Cal é a razón de non cubrir a baixa da matrona na Baña durante ano e medio?
3. Vai cubrir o Sergas as ausencias da pediatra do Centro de Saúde da Baña para non causar prexuízo á poboación, que ten que se trasladar de concello para ser atendida?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/02/2023 13:27:54

Julio Torrado Quintela na data 16/02/2023 13:28:13

Marina Ortega Otero na data 16/02/2023 13:28:25

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
181778

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonso, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a recuperación das garantías ambientais e a participación cidadá na tramitación de proxectos eólicos e fotovoltaicos de competencia estatal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto-Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do chamado Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraia, dentro dun contexto de exorbitado crecemento dos prezos da enerxía, introduciu no capítulo III “medidas para a axilización dos proxectos de enerxías renovábeis coa finalidade de acelerar a descarbonización e reducir a dependencia enerxética”.

Baixo esta premisa, estableceuse un sistema que facilita a instalación sen control de proxectos eólicos e fotovoltaicos, así como das súas respectivas liñas de evacuación e demais estruturas anexas, sen necesidade de Declaración de Impacto Ambiental e sen cumprir con garantías de exposición e participación públicas. Así, substitúese a tramitación ordinaria por un simple informe que presenta a empresa promotora, asegurando que non se producen afeccións e sen necesidade de consulta pública, ademais de reducir e concentrar os prazos e trámites.

A través artigos 6 e 7 do citado Decreto, o Goberno do Estado español eliminaba a tramitación ambiental dos proxectos de enerxías renovábeis de competencia estatal e até os 75 MW de potencia, substituíndoo polo que denominaban “informe de determinación de afección ambiental”, documento equiparábel á obtención da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Declaración de Impacto Ambiental, mais sen que tivese sido sometido a consulta pública.

Con esta regulación permítase e facilítase ás empresas enerxéticas unha tramitación exprés dos seus proxectos ao tempo que se dificulta a participación das persoas afectadas, dos veciños e veciñas que soportarán as instalacións ao carón das súas casas, así como dos colectivos sociais, concellos ou calquera outra entidade interesados na defensa do patrimonio natural, histórico e a calidade de vida.

O Real Decreto “limitábase” ás áreas de sensibilidade “baixa” e “moderada”, dentro da "Zonificación ambiental para a implantación das enerxías renovábeis" elaborada polo Ministerio. Un mapa aprobado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITERD), sen participación pública e realizado como unha simple “aproximación metodolóxica orientativa” pero que, na práctica, pasou a considerarse como un instrumento de planificación territorial completo para determinar onde se poden implantar proxectos eólicos e fotovoltaicos. Unha zonificación carente de rigurosidade que inclúe, para o caso de Galiza, entre as zonas “aptas” para a implantación de proxectos en espazos altamente sensíbeis desde o punto de vista ambiental e sen ter en conta outros aspectos esenciais a protexer como os núcleos de poboación e casas habitadas; o patrimonio histórico e cultural, terreos agrarios e forestais ou mananciais, fontes e cursos de auga.

Ademais, os proxectos de “especial interese” poderán acollerse a un procedemento de urxencia, reducíndose e unificándose prazos e trámites, no que, de novo, o medio ambiente e a sociedade son sacrificados en aras dunha suposta transición verde ao servizo dos intereses especulativos do oligopolio eléctrico.

Esta regulación causou grande indignación social, principal motivo que levou aos grupos políticos que conforman o Goberno a apoiar a tramitación como proxecto de lei do Real Decreto, para permitir a modificación de eses artigos 6 e 7 de forma que se recuperasen as garantías na tramitación, a exposición e participación públicas. Sen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

embargo, ese compromiso non se materializou aínda, mentres se continúan prorrogando os prazos de emenda, impedindo que se poda materializar unha reforma do texto.

Consciente dese compromiso, o propio Goberno, a través do Real Decreto-lei 11/2022, de 25 de xuño polo que se adoptan e se prorrogan determinadas medidas para responder ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraia, para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social e económica, e para a recuperación económica e social da illa de La Palma, modificou os citados artigos 6 e 7, mais moi limitadamente. Circunscríbese a reforma á necesidade de publicar o proxecto e abrir un período de exposición pública para que as persoas e entidades afectadas puidesen presentar alegacións, aínda que isto se produciría xa nunha fase moi avanzada da tramitación.

Polo tanto, esta modificación non permite que se cumpra coas garantías ambientais e sociais, pois non se recupera a tramitación da Declaración de Impacto Ambiental, e, malia recuperarse o trámite dunha breve exposición pública reducida a quince días, esta realizaríase cando os informes previos estiveren xa realizados, asegurando na práctica que non serán tidos en consideración.

Finalmente, o recente Real Decreto-lei 20/2022, de 27 de decembro, de medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraia e de apoio á reconstrución da illa de La Palma e a outras situación de vulnerabilidade, volveu facilitar ou liberalizar a implantación de proxectos para a produción de enerxía; arguméntase máis unha vez a necesidade de acelerar o despregamento de enerxías renovábeis e de redes, ao abeiro das conclusións do Consello Europeo de 20 e 21 de outubro de 2022. Como consecuencia, propónse a simplificación dos procedementos de autorización, demandando a súa realización “pola vía rápida”.

Así, calquera dos proxectos tramitados perante o MITERD - é dicir, os de máis de 50 MW- xa non estarán suxeitos á avaliación ambiental ningunha, tal e como establece literalmente o artigo 22.2 do Real Decreto 20/2022: simplemente deberán pasar por un procedemento chamado de “afección ambiental”, que -conforme se establecía no Real





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Decreto 6/2022- obtense mediante a documentación que presenta á propia empresa promotora. En esencia, trátase dun documento que resuma os impactos, sen entrar en detalles, abordando sinteticamente as “afeccións”. Este documento será o que deberá valorar a Administración que, no prazo de 10 días “poderá formular observacións”, mais que se transcorrido ese período non resposta, entenderase que resolve favorabelmente. Isto significa que se establece o silencio positivo na tramitación ambiental.

Elimínase do procedemento a necesidade de publicar o proxecto nun Diario Oficial e o trámite de alegacións públicas ao mesmo, que deberían ser tamén valoradas. Así, ao igual que xa se fixera coas reformas anteriores, vulnérase flagrantemente o contido do Convenio de Aarhus sobre o acceso á información; a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, incorporado ao dereito interno a través da Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información; de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente. Norma que establece o dereito ao acceso á información ambiental e a participar nos procedementos para a toma de decisións sobre asuntos que afecten directa ou indirectamente ao medio ambiente.

Aínda que o Real Decreto 20/2022 di basearse nas directrices da Unión Europea para acelerar o despregamento de enerxías renovábeis, omítese facer referencia a que, para esa finalidade, moitos dos proxectos precisan ubicarse en zonas habilitadas. Por esta razón deben someterse a un procedemento de avaliación ambiental estratéxica, conforme á Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello. A anteriormente citada "Zonificación ambiental para a implantación das enerxías renovábeis" non cumpre con eses requisitos.

É evidente que precisamos dunha revisión en profundidade da forma na que se emiten as autorizacións. Partindo da premisa de que a explotación de recursos naturais como o vento, a auga ou o sol, deben estar baixo control público e a súa explotación ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizoda cidadanía, consideramos que se debe apostar por procedementos garantistas e non por atallos legais que vulneran os máis elementais dereitos e garantías democráticas.

Por estes motivos, consideramos que é urxente derrogar as últimas reformas lexislativas que permiten liberalizar e facilitar aínda máis a implantación de enerxías renovábeis incrementando a barra libre na tramitación de proxectos.

Así, é preciso levar a cabo derogación dalgúns preceptos legais incluídos no **Real Decreto-lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do chamado Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra na Ucraína.**

Así mesmo, cómpre a derogación dos artigos referentes ao asunto que nos ocupa, incluídos no **Real Decreto-lei 20/2022, de 27 de decembro de medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra na Ucraína e de apoio á reconstrución da illa de La Palma e a outras situacións de vulnerabilidade.**

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que actuacións levou a cabo a Xunta para demandar do goberno do Estado a recuperación das garantías ambientais e de participación cidadá na tramitación de proxectos eólicos e fotovoltaicos?

Que medidas levou a cabo a Xunta en relación coa "Zonificación ambiental para a implantación das enerxías renovábeis" ?

Que medidas levou a cabo o goberno galego para defender as competencias autonómicas en materia ambiental e de conservación da biodiversidade en relación coa tramitación de proxectos de enerxías renovábeis de competencia estatal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas ten previsto desenvolver a Xunta para aumentar as garantías ambientais e de información e participación cidadá en relación coa tramitación dos proxectos de enerxías renovábeis da súa competencia?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Ramón Fernández Alfonzo
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/02/2023 13:32:25

Noa Presas Bergantiños na data 16/02/2023 13:32:31

Xosé Luis Bará Torres na data 16/02/2023 13:32:43



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística amosan que o número de empresas con actividade económica en Galicia a principio do ano 2021 foi de 208.409, o que supón un 1,13 % menos que no 2020. Ademais, a taxa de nacemento de empresas (cociente entre as creadas e as existentes a principio do ano) foi do 7,75 % no ano 2021. Pola súa parte, a taxa de mortalidade (cociente entre as empresas que desaparecen e as existentes a principio de ano) foi do 9,17 % nese mesmo ano. Deste xeito, os datos amosan como resultado que a taxa de crecemento neto foi do -1,42 %, é dicir, hai un saldo neto negativo.

Máis recentemente, o Instituto Nacional de Estatística indica que no mes de decembro de 2022 foron 314 as sociedades constituídas por 263 disoltas.

Así mesmo, esa estatística sinala que só o 50,29 % das empresas constituídas en 2020 seguían en funcionamento ao ano seguinte, mentres que aos catro anos a taxa de supervivencia empresarial cae ao 40,38 %.

En paralelo, o informe do observatorio internacional Global Entrepreneurship Monitor, no que participan as tres universidades públicas galegas, a Xunta e a Confederación de Empresarios de Galicia, amosa que o 70 % das persoas que abriron un negocio en Galicia o fixeron motivadas pola falla de oportunidades de emprego, á vista de que nos 13 anos de gobernos do PP reduciuse en Galicia en milleiros a poboación ocupadas mentres en España aumentou considerablemente.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que medidas vai poñer en marcha a Xunta de Galicia para apoiar a supervivencia e viabilidade das empresas galegas tendo en conta que a metade das de recente creación teñan que pechar no seu primeiro ano de funcionamento?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2023 13:48:27
Nº Rexistro: 50090
Data envío: 16/02/2023 13:48:27.381

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/02/2023 13:29:04

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/02/2023 13:29:13

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-K4XROAloz-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

A inflación en Galicia situouse en xaneiro nunha taxa interanual do 6,4 %, mesma cifra que a rexistrada en decembro e cinco décimas por riba da española, á vez que os prezos dos alimentos creceron por riba do 15% en Galicia. Os prezos crecen máis en Galicia que en España.

En cambio, os salarios non se están vendo incrementados na mesma proporción. Os últimos datos sobre custes laborais, do Instituto Nacional de Estatística, amosan que no terceiro trimestre de 2022 o custe laboral medio por persoa traballadora e mes aumentou en Galicia un 3,1% con respecto ao mesmo período de 2021, ata os 2.497,28 euros, mentres que na media de España a suba foi ata os 2.754,75 euros.

Canto ás pensións, logo da suba do 8,5 % aprobada polo goberno de España, a nómina media dos pensionistas de Galicia situouse en xaneiro de 2023 en 1.015,78 euros, lonxe dos 1.189,12 euros da media nacional.

Neste escenario, a Enquisa Conxuntural a Fogares que publica o Instituto Galego de Estatística alerta de que os fogares que están tendo que tomar medidas para axustar a economía familiar está á alza. Os datos do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación recollen que cada galego ou galega incluso reduciu o seu consumo de alimentación, pasando dos 49,38 quilos de comida en novembro de 2021 aos 44,48 do mesmo mes de 2022, o último





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2023 13:49:51
Nº Rexistro: 50096
Data envío: 16/02/2023 13:49:51.146

informe dispoñible, a pesares do cal o custe per cápita aumentou: de 131,78 euros a 133.

A situación económica afecta á renda e á capacidade adquisitiva das familias nun contexto de crecemento dos tipos variables dos préstamos hipotecarios, polo que moitas familias galegas teñen dificultades para chegar a fin de mes, e cómpre tomar medidas para apoiar ás persoas, especificamente a aquelas que están en situación máis vulnerable.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que política económica vai adoptar a Xunta para respaldar as familias galegas ante as dificultades derivadas do escenario económico?

Santiago de Compostela, 16 de Febreiro de 2023

**Gonzalo
Caballero
Míguez**
Firmado digitalmente por
Gonzalo Caballero
Míguez
Fecha: 2023.02.16
13:38:21 +01'00'

**Matilde
Begoña
Rodríguez
Rumbo**
Firmado digitalmente por
Matilde Begoña
Rodríguez Rumbo
Fecha: 2023.02.16
13:38:52 +01'00'

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

181788

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/02/2023 13:38:21

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/02/2023 13:38:52





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No anterior período de sesións aprobouse no Pleno unha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista na que reclamabamos un Plan galego de saúde mental, no que se contemplaban, entre outras medidas, a asunción por parte do goberno da Xunta das Unidades de Atención á Drogodependencia que quedaban dependentes dos concellos.

Cumprindo así o previsto na Lei xeral de sanidade, que establece que son os departamentos de saúde das comunidades autónomas (Sergas) os que exclusivamente teñen as competencias da atención sanitaria das diferentes enfermidades.

A maiores disto, aprobouse en comisión unha proposición non de lei presentada tamén a iniciativa do Grupo Socialista, que incidía nesta necesidade de asunción desta competencia por parte do Sergas, centrándose na unidade do Concello de Pontevedra, sendo esta tamén aprobada por unanimidade.

Xa transcorreron varios meses, aínda non se produciu a transferencia de competencias, e a situación no Concello de Pontevedra é moi preocupante.

Neste momento a Unidade que xestiona, está integrada por oito profesionais (dous psiquiatras, dous psicólogos, un enfermeiro, dous auxiliares de clínica e unha traballadora social).





No mes de setembro producírase a xubilación dun dos psiquiatras e no mes de Febreiro do outro psiquiatra e dun psicólogo, quedando a unidade ser persoal para atender aos usuarios/as.

Dada esta situación, e tendo en conta que estamos a falar de persoal do Sergas, creemos que é urxente que a Xunta asuma estas competencias de forma progresiva empezando pola contratación do novo persoal derivado das baixas por xubilación.

Nós os socialistas, apostamos por unha integración, que se realice de maneira secuencial, comezando pola integración funcional para, no medio prazo, iniciar a integración orgánica, mediante a contratación pola Administración autonómica do persoal da rede de drogodependencias, que teña que contratarse para cubrir as xubilacións, ata a asunción total.

Sen que esta integración afecte, aos programas de prevención e de incorporación social que continuarían xestionados pola unidade administrativa responsable do Plan autonómico sobre drogas.

E entendemos que debe levarse a cabo de forma urxente para evitar que as baixas afecten á prestación dun servizo tan necesario.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Tralo acordo parlamentario, cando ten previsto o goberno da Xunta asumir as competencias das Unidade de Atención á drogodependencia de carácter municipal?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2023 16:34:52
Nº Rexistro: 50121
Data envío: 16/02/2023 16:34:52.131

2. Ten o goberno da Xunta coñecemento da situación na que se atopa a Unidade de Atención á drogodependencia do Concello de Pontevedra?
3. Ten previsto o goberno da Xunta, asumir as novas contratacións necesarias para cubrir as próximas baixas por xubilación?
4. Como administración legalmente competente, que medidas vai levar a cabo o goberno da Xunta se se chega a producir esa ausencia de persoal na Unidade de Atención á drogodependencia do Concello de Pontevedra?
5. Ten previsto suplir o anterior, derivando aos usuarios ao centro de saúde de Mollabao?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 16/02/2023 16:30:31

Marina Ortega Otero na data 16/02/2023 16:30:40

Julio Torrado Quintela na data 16/02/2023 16:30:50

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
181792

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**.

Nos últimos anos asistimos a unha constante modificación da normativa educativa por parte do Goberno central. Primeiro a través da aprobación apresurada da Ley orgánica de Modificación da LOE (LOMLOE), renunciando aos traballos realizados nas Cortes para acadar un Pacto pola Educación, e tamén impulsando unha nova Ley orgánica de FP para emendar un erro da LOMLOE.

Mais este afán de cambios nas leis segue despois a través do desenvolvemento normativo con reais decretos e normas que, na maioría dos casos, coñecen antes os medios de comunicación que as Comunidades Autónomas, pese a ser estas últimas as administracións encargadas de executar o contido nos mesmos.

Neste mes de febreiro de 2023, o Ministerio de Educación y FP avanzou, a través do seu habitual modus operandi, o proxecto de novo real decreto de ordenación das ensinanzas de FP, co que pretende desenvolver a Ley orgánica de Ordenación e Integración de la FP aprobada en marzo de 2022.

A posta en valor da Formación Profesional en Galicia ten sido unha das máximas prioridades do Goberno galego nestes anos. O impulso dado á FP desde a Xunta de Galicia tense materializado en moi diversas accións e medidas, tanto desde o punto de vista normativo como organizativo.

Ante os cambios normativos na FP que está a impulsar o Goberno central, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





- Que valoración fai a Xunta sobre o desenvolvemento normativo da nova Ley orgánica de Ordenación e Integración de la FP aprobada polo Ministerio?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 16/02/2023 17:41:34

José Luis Ferro Iglesias na data 16/02/2023 17:41:50

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2023 17:42:03

Gómez Salgado, Carlos na data 16/02/2023 17:42:18

Rodríguez Pérez, Moisés na data 16/02/2023 17:42:26

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/02/2023 17:42:36

María Felisa Rodríguez Carrera na data 16/02/2023 17:42:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2023 17:53:02
Nº Rexistro: 50142
Data envío: 16/02/2023 17:53:02.193

Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no seu artigo 19, relativo á información específica sobre as relacións da Xunta co Parlamento de Galicia, establece que a finais de cada ano a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento nese ano.

A Xunta ven cumprindo esta obriga de xeito aparente, en clara fraude de lei, posto que é evidente que a lei refírese ao grao de cumprimento de cada un dos acordos acadados no Parlamento, a efectos de posibilitar o control dese cumprimento por parte dos grupos parlamentarios, dentro da súa tarefa de fiscalización da acción do Goberno autonómico recoñecida polo Estatuto de autonomía de Galicia, mentres que en cada un deses informes, a Xunta limitase a dar unha cifra global do número de acordos e unha porcentaxe de cumprimento tamén global, pero non concreta o grao de cumprimento de cada acordo nin fai ningún tipo de consideración ao respecto, polo que se trata dun “informe” absolutamente inútil.

No “informe” correspondente ao ano 2021 a principal información ofrecida nas súas 5 páxinas consta no seguinte parágrafo: “Do total de 254 acordos aprobados nas sesións parlamentarias celebradas durante os dous períodos de sesións do ano 2021 na data de elaboración deste informe están cumpridos ou en proceso de cumprimento un total de 234 que reflicte este grao de cumprimento é unha porcentaxe 92,13 %. O compromiso do Goberno galego é dar cumprimento á totalidade dos acordos acadados no Parlamento de Galicia”.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

181795

@PSdeG



Tamén figura nese informe unha ligazón (que por certo non funciona) a unha relación de acordos acadados no Parlamento que contén o título do acordo, non o propio acordo, e moito menos achega ningún tipo de información sobre o seu cumprimento ou incumplimento.

Por outra banda, é notorio que o elevadísimo grao de cumprimento dos acordos que reflicte o informe ano tras ano (en 2021 o 92,13 %) non se corresponde nin por asomo coa realidade, que é que unha gran parte dos acordos parlamentarios non se cumpren por parte do Goberno de Galicia.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1. É consciente o Goberno de Galicia de que a ausencia de publicación do grao de cumprimento de cada un dos acordos parlamentarios imposibilita ou fai extremadamente difícil o exercicio de parte da función fiscalizadora que ten a oposición e cuestiona incluso directamente a función parlamentaria?
2. Por que o Goberno de Galicia non publica un informe sobre o grao de cumprimento de cada un dos acordos parlamentarios que permita coñecer se cada un dos acordos do Parlamento é cumprido ou non polo Goberno?
3. É consciente o Goberno de Galicia de que a elevadísima porcentaxe de cumprimento que reflicten ano tras ano os seus informes sobre os acordos parlamentarios non reflicte nin de lonxe a realidade e de que, por tanto, está facendo constar unha falsidade nun documento oficial?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2023 17:53:02
Nº Rexistro: 50142
Data envío: 16/02/2023 17:53:02.193

Pablo Arangüena Fernández na data 16/02/2023 17:44:05

Paloma Castro Rey na data 16/02/2023 17:44:19

CSV: BOPGDSPG-K4XROAloz-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
181797

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Segundo a directora da entidade pública Augas de Galicia a oficina de Ourense deixará de prestar o servizo, unha vez se aprobe a relación de postos de traballo, e se amorticen as prazas que na actualidade ocupan dous enxeñeiros de forma interina.

Entende o Grupo Parlamentario Socialista que esta decisión é totalmente incorrecta pola necesidade de que o control das obras en infraestruturas realizadas polo organismo nos municipios da provincia de Ourense, necesitado do persoal que se pretende amortizar. Tal actuación constitúe un novo desprezo á provincia por parte de Goberno galego.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que a decisión de eliminar a oficina da entidade Augas de Galicia de Ourense, e o traslado das funcións que na actualidade desempeña a Santiago de Compostela, é unha decisión axeitada?
2. De que forma pretenden levar o control das obras e infraestruturas que a entidade Augas de Galicia realiza para os concellos da provincia de Ourense?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2023 18:08:43
Nº Rexistro: 50146
Data envío: 16/02/2023 18:08:43.427

3. Cales foron as actuacións levadas a cabo, na provincia de Ourense, pola entidade Augas de Galicia, dende o ano 2018 a actualidade con desglose por municipios?

4. Que orzamento empregaron en cada unha delas?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/02/2023 18:01:39

Marina Ortega Otero na data 16/02/2023 18:01:48

Eduardo Ojea Arias na data 16/02/2023 18:01:59

Patricia Otero Rodríguez na data 16/02/2023 18:02:06

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
181799

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa as medidas a tomar para que @s profesionais de atención primaria poidan solicitar as probas diagnósticas precisas e que estas sexan informadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas consultas de Atención Primaria resólvense por enriba do 80% dos procesos de saúde da poboación, a maioría dos mesmos son atendidos e resoltos sen que sexa precisa a realización de probas diagnósticas. A pesar diso, nunha parte dos casos é preciso o acceso a probas complementarias para aumentar a precisión diagnóstica, axeitar os tratamento ou axudar a realizar derivacións mellor dirixidas o que aforra tempo e mellora a efectividade.

A accesibilidade ás probas complementarias desde as consultas de atención primaria: solicitude, realización, recepción de resultados, tempos de demora... son determinantes para a práctica clínica, para o diagnóstico precoz, non cronificación, prescrición de determinados fármacos, derivación ao hospital.

Malia o anteriormente mencionado, seguen sendo moitas as dificultades para que @s profesionais de atención primaria poidan solicitar as probas complementarias que consideren necesarias e en moitos casos, de poder solicitalas, o resultado das mesmas non vai acompañado do informe d@ especialista correspondente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai tomar a Xunta de Galiza as medidas precisas para que @s profesionais de atención primaria poidan solicitar as probas diagnósticas dispoñíbeis na súa área sanitaria e a que estas sexan informadas polos especialistas correspondentes?

Cal é a razón de que non sexa posíbel na actualidade?

Parécelle normal que probas diagnósticas solicitadas non sexan informadas?

Cando vai a Xunta de Galiza deixar de secundarizar á atención primaria con respecto á hospitalaria?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/02/2023 18:05:18

María Montserrat Prado Cores na data 16/02/2023 18:05:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 16/02/2023 18:05:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Olalla Rodil Fernández e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para acadar a igualdade entre mulleres e homes no sector do mar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos os datos indican que existe desigualdade entre mulleres e homes no sector do mar, as últimas eleccións para a renovación dos órganos de gobernos das confrarías e federacións de pescadores galegas nas que só 3 das 63 confrarías teñen ao fronte a unha muller non é máis que un exemplo.

A importancia cuantitativa das mulleres no sector do mar na Galiza non se traduce nin na visibilización, nin na posta en valor do traballo das mulleres nas actividades do sector.

Segundo datos do Instituto Social da Mariña (ISM), na Galiza das máis de 20.000 persoas afiliadas ao Réxime Especial do Mar, o 24% son mulleres (arredor de 5.000).

O pasado 9 de marzo de 2022 neste Parlamento de Galicia aprobamos por unanimidade dos grupos instar á Xunta de Galicia a “crear, coa necesaria achega orzamentaria, o Observatorio de igualdade do sector pesqueiro galego, formado por





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoal técnico que estude, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención á escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación”. O obxectivo da posta en marcha deste observatorio é poder dispoñer de datos claros para abordar desde un enfoque de xénero os factores que afectan aos diferentes subsectores da actividade, analizándoos de xeito diferenciado, poñendo o foco naquelas situacións discriminatorias e prestando atención aos aspectos máis relevantes en cada caso e, ao mesmo tempo, imprimindo un carácter xeral que poida aplicarse a todo o colectivo de mulleres do sector.

Este acordo do Parlamento, que segue pendente de poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia, é un paso importante para acadar a igualdade das mulleres no sector do mar, mais non debe ser o único.

A igualdade acádase poñendo o foco en cuestións diversas tales como que as mulleres ocupen o espazo que lles corresponde nos espazos públicos e a utilización dunha linguaxe inclusiva que nomee e dea visibilidade a todas as persoas que conforman un colectivo, incluídas as mulleres.

No Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade recóllese o compromiso de eliminar a discriminación entre homes e mulleres e da promoción de igualdade, polo que o goberno galego, neste caso a Consellería do Mar da man da súa conselleira, ten a obriga de garantir a presenza das mulleres nos órganos nos que ten competencias.

Por isto, no Consello Galego de Pesca débese fomentar a participación das mulleres integrando a todas as asociacións de mulleres no sector, de maneira que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ocupen o espazo que lles corresponde nun organismo que representa ao sector do mar galego e conseguir así que sexa máis igualitario.

Ademais só con máis participación de mulleres nos organismos de representación do sector do mar faranse visibles os problemas deste colectivos e poderemos traballar para soluciónalos.

Igualmente importante é como nomeamos estes organismos, porque “o que non se nomea, non existe”, polo que é fundamental, como se fixo noutros sectores da sociedade, mudar o nome das confrarías para que sexan máis inclusivas.

Exemplos como “organizacións sindicais”, “asociacións veciñais”, asociacións de nais e pais”, “asociacións de alumnado”, “claustro de profesorado”, “Avogacía Nova de Pontevedra”, indican que moitos colectivos xa deron un paso adiante pola igualdade con unha medida tan simple como mudar o seu nome.

É importante que o goberno galego dea tamén esa paso adiante pola igualdade das mulleres no mar e, en diálogo coas propias confrarías, coas asociacións de mulleres do mar e co resto do sector, tome as medidas necesarias para mudar o nome das confrarías de pescadores e que sexan denominadas cun nome máis inclusivo que integre a todas as persoas do sector, incluídas ás mulleres.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

- Cre o Goberno galego que denominar cun nome máis inclusivo ás confrarías de pescadores supoñerá un paso máis para acadar a igualdade entre mulleres e homes no mar?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o Goberno galego que a linguaxe inclusiva, “o que non se nomea non existe”, é importante para visibilizar ás mulleres? En concreto no sector do mar falar de confrarías de pescadores, cree que exclúe a unha parte importante do sector como son as mulleres?

- Como valora o Goberno galego os resultados das últimas eleccións celebradas para a renovación dos órganos de gobernos das confrarías e federación de pescadores galegas?

- Ten previsto o Goberno galego integrar no Consello Galego de Pesca a todas as asociacións de mulleres do sector?

- Que medidas ou actuacións concretas desenvolveu o Goberno galego para acadar a igualdade entre homes e mulleres no sector do mar?

- Considera o Goberno galego urxente actuar a prol da igualdade da muller no sector do mar logo dos resultados acadados nas eleccións aos órganos de goberno das confrarías e federacións, así como da invisibilidade do traballo das mulleres no sector?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Rosana Pérez Fernández

Daniel Castro García

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 16/02/2023 16:55:30

Rosana Pérez Fernández na data 16/02/2023 16:55:33

Daniel Castro García na data 16/02/2023 16:55:57

Olalla Rodil Fernández na data 16/02/2023 16:56:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Olalla Rodil Fernández, Rosana Pérez Fernández e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre o cumprimento do acordo deste Parlamento para a creación do Observatorio galego da igualdade entre homes e mulleres no sector do mar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 29 de outubro celebráronse eleccións para a renovación dos órganos de gobernos das confrarías e federación de pescadores galegas, eleccións ás que estaban chamadas a votar 11.000 persoas socias, das que o 29,3% son mulleres.

O resultado destas eleccións foi que das 63 confrarías só 3 (4,84%) teñen á fronte unha muller e tanto a Federación Galega de Confrarías, como as federacións provinciais teñen á fronte homes, unha representación que non reflicta o peso das mulleres no sector do mar xa que, como se indica con anterioridade, as mulleres constitúen o 29,3% das persoas socias das confrarías.

A presenza das mulleres nos órganos de dirección das confrarías reduciuse nestas eleccións, pasando de 5 patroas maiores elixidas nas eleccións de 2018 á só 3 nestas últimas.

Estes datos son moi reveladores de quen ostenta o poder no sector pesqueiro en Galiza, compre transformar estas relacións de poder dende a sociedade, dende o sector, mais tamén, e principalmente, dende as administracións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A escasa presenza das mulleres nos órganos de dirección do sector do mar na Galiza é o reflexo da situación de desigualdade que sofren as mulleres no sector do mar.

Son precisas medidas de empoderamento e liderado, acompañadas de lexislación, que leve ás mulleres a incrementar a súa participación e influencia nos procesos de decisións.

Dende esta posición de poder conseguiranse condicións dignas de traballo para as mulleres das actividades marítimo pesqueiras; conseguiranse melloras nas instalacións e lugares de traballo, no que respecta a súa habitabilidade, hixiene e saúde, ou de introdución de equipamento necesario para o adecuado desempeño do traballo; acadarase o recoñecemento das enfermidades derivadas da actividade profesional como enfermidades profesionais; ...

Deben ser as institucións as que actúen para reverter a situación actual. Activar mecanismos de formación, participación e sensibilización son o camiño para acabar coa discriminación e as desigualdades no sector pesqueiro, igualar os dereitos laborais e mellorar a calidade de vida das mulleres do mar.

Para isto é preciso facer un mapa da actual situación da muller no sector do mar e para iso o pasado 9 de marzo de 2022 neste Parlamento de Galicia aprobamos por unanimidade dos grupos instar á Xunta de Galicia a “crear, coa necesaria achega orzamentaria, o Observatorio de igualdade do sector pesqueiro galego, formado por persoal técnico que estude, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención á escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación”. Un acordo que ate o de agora o goberno galego eludiu poñer en marcha.

Logo de case que un ano desde que se aprobou esta iniciativa o goberno galego non fixo nada para que se poña en marcha o Observatorio de igualdade do sector do mar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galego, nen sequera incluíu unha partida nos orzamentos da Xunta de Galicia para 2023, polo que non parece que teña intención de que esta medida fundamental para revertir a situación laboral e persoal das mulleres e para avanzar na igualdade no sector do galego estea na folla de ruta do goberno galego deste ano.

Visibilizar a todas estas mulleres “invisibles” do sector é necesario para acadar a igualdade. É preciso coñecer os datos e a situación real das mulleres do mar, e para iso o BNG concordamos coa demanda das asociacións de mulleres do sector para a creación dun Observatorio de igualdade do sector pesqueiro galego, porque o que non se ve non existe, polo que é preciso coñecer a realidade para poder revertela. A Xunta de Galiza, en colaboración coas universidades galegas nas que hai excelentes profesionais nesta materia, ten que impulsar, no inmediato, a creación deste observatorio.

Un sector pesqueiro sen discriminación é unha débeda que temos con esas mulleres “invisibles” que tiraron da familia mentres o home andaba ao mar, débémollos ás que traballan na actualidade no sector loitando por dignificar o seu oficio e débémollos ás mozas que merecen un futuro no seu país, nun traballo digno e con condicións laborais xustas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Que medidas tomou o goberno galego para poñer en marcha o Observatorio galego da igualdade entre homes e mulleres no sector pesqueiro? Con que orzamento?
- Que contactos ou reunións mantivo o goberno galego cos colectivos de mulleres do mar para consensuar a posta en marcha do observatorio, así como as medidas a prol da igualdade da muller no sector do mar?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora o goberno galego os resultados das últimas eleccións celebradas para a renovación dos órganos de gobernos das confrarías e federación de pescadores galegas?
- Ten previsto o goberno galego integrar no Consello Galego de Pesca ás asociacións de mulleres do sector, nomeadamente á “Asociación Mulleres Salgadas”?
- Que medidas ou actuacións concretas desenvolveu o goberno galego para acadar a igualdade entre homes e mulleres no sector do mar?
- Considera o goberno galego urxente actuar a prol da igualdade da muller no sector do mar logo dos resultados acadados nas eleccións aos órganos de goberno das confrarías e federacións, así como da invisibilidade do traballo das mulleres no sector?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Rosana Pérez Fernández

Olalla Rodil Fernández

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 16/02/2023 16:38:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 16/02/2023 16:38:13

Olalla Rodil Fernández na data 16/02/2023 16:38:20

Rosana Pérez Fernández na data 16/02/2023 16:38:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o cumprimento da obrigatoriedade das empresas de ter implantado un plan de igualdade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As mulleres na Galiza sofren condicións de traballo máis precarias, soportan taxas de temporalidade máis , máis contratos a tempo parcial e un maior desemprego.

Esta situación indica que queda moito camiño por andar para acadar a igualdade laboral das mulleres, polo que é preciso legislar e tomar medidas que axilicen este proceso e que permitan que mulleres e homes traballan en igualdade de condicións.

Máis a lexislación, sendo unha ferramenta necesaria, non é suficiente; é preciso que a lei se cumpra. Polo que os organismos e administracións que deben velar polo cumprimento da norma teñen a obriga de facela cumprir.

No eido laboral os plans de igualdade son unha ferramenta necesaria para acadar a igualdade laboral de mulleres e homes. As empresas de máis de 50 persoas traballadoras están obrigadas a implantar un plan de igualdade ou a adaptar o que xa tiñan antes do 7 de marzo de 2022, data que recollía o Real Decreto Lei 6/2019, do 1





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de marzo, de medidas urxentes para garantir a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación.

A data de hoxe, un ano despois, moitas empresas galegas obrigadas a contar co plan de igualdade seguen sen telo implementado, polo que están a incumprir a lei.

Os plans de igualdade no emprego e na ocupación teñen como misión garantir a igualdade de trato e oportunidades para as mulleres nas empresas, así como a eliminación de situacións de discriminación por razóns de sexo.

Por isto é fundamental, e urxente, que todas as empresas obrigadas por lei a contar con un plan de igualdade cumpran a norma, e na Galiza é función da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia facer cumprir a lei e velar porque todas as empresas de máis de 50 persoas empregadas conten con un plan de igualdade. Só desta maneira o Goberno galego poderá garantir os dereitos laborais das mulleres na Galiza.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cree o Goberno Galego que os plan de igualdade son unha ferramenta necesaria para acadar a igualdade laboral entre mulleres e homes?
- Que número de empresas de máis de 50 persoas traballadoras teñen rexistrado o plan de igualdade?
- Que porcentaxe de empresas obrigadas a ter plan de igualdade contan con co mesmo?
- Que accións ten levado a cabo o Goberno galego para facer cumprir a lei nesta materia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantos requirimentos ás empresas ten feito o Goberno galego para que negocien coas organizacións sindicais e rexistren o plan de igualdade?
- Que outras medidas está a tomar o Goberno galego para garantir a igualdade laboral para as mulleres?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/02/2023 16:22:13

Noa Presas Bergantiños na data 16/02/2023 16:22:32

Carmela González Iglesias na data 16/02/2023 16:22:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á contratación de PSXs nos centros de saúde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É unha constatación que os centros de saúde padecen un aumento moi importante do traballo nas áreas administrativas, que en moitos casos leva a unha saturación permanente das mesmas.

Neste contexto vimos de coñecer que por parte do Sergas se procedeu a contratar toda unha serie de PSX (persoal de servizos xerais) non para aliviar esta saturación senón para “promocionar” a APP Sergas Móbil para acceder a E-Saúde, citas...

Consideramos que estas contratacións non responden as necesidades do traballo nos centros de saúde, son unha auténtica improvisación, carente dunha planificación mínima.

O persoal contratado non se insire no traballo do centro, nin sequera están situados nas áreas administrativas, senón nos corredores, de pé “explicándolle” as persoas que acoden ao centro como funciona a aplicación. Unha auténtica burla.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai dotar as áreas administrativas dos centros de saúde do persoal necesario e da estrutura acorde ao incremento das labores que teñen que realizar e que garanta a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acesibilidade, a confidencialidade e a seguridade d@s doentes e d@s profesionais das mesmas?

Cal é a razón da ocorrencia de contratar PSX para exclusivamente informar sobre o funcionamento dunha APP, cando as áreas administrativas dos centros de saúde están saturadas?

Cal é ao custe destas contratacións?

Cal é a duración previstas dos contratos?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/02/2023 18:27:36

Olalla Rodil Fernández na data 16/02/2023 18:27:40

Iria Carreira Pazos na data 16/02/2023 18:27:49





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

